# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 12 de XUÑO de 2026

**ASISTENTES:** **NON ASISTEN:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de xuño de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(480).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de xuño de 2026 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 1 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**2(481).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS PARA A XESTIÓN DO "CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL" (CIIES). EXPTE. 230850/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/05/2026, asinado pola xefe de Área de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto ao Servizo e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 08.09.2022 (Exp. n.º 230850/301), acordou:

*"(…) 2. Adxudicar a CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-28.660.01G) o procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230.850-301)coas seguintes condicións: a) O prezo total do contrato é de 3.084.324,52 euros, exento de IVE. b) Comprométese a achegar 2 medias xornadas laborais anuais, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello, de titulados superiores ou diplomados a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro. c)Comprométese a aportar unha media xornada laboral anual de limpador/a durante o período do contrato, sen custe adicional para o Concello. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 07.10.2022, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2022, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo *"e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato…"* (cláusula 7.3 PCAP).

I.4. Tramitouse xa no Exp. n.º 230850/301 a primeira (1ª) prórroga deste contrato para o periodo 01.12.2025 – 30.11.2026, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 20.06.2025.

I.5. Tramítase agora, no mesmo expediente administrativo nº 230850/301 a segunda (2ª) prórroga deste contrato para o periodo 01.12.2026 – 30.11.2027 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

– Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá de data 08.05.2026 ordeando a incoación de procedemento administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 511).

– Comunicación ó contratista de preaviso da prórroga, efectuada en data 13.05.2026, dándolle tamén traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da 2ª prórroga do contrato (trámite n.º 513).

– Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» (CIF Q-2866001G) o 07.10.2022 e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual (trámite n.º 343) .

## II. NORMATIVA RELACIONADA

1. CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
2. EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
3. LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
4. RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
5. RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
6. TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
7. LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
8. TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
9. LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
10. L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
11. L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
12. RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
13. LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
14. LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
15. LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
16. ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
17. L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
18. L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
19. LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
20. L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.
21. L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.
22. Orde do 25 de xaneiro de 2008, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* da Xunta de Galicia, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

23. Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
24. Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*,* aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Preceptúa o Art. 29.1 da LCSP que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.
III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 01.12.2022 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

III.2.7. Por outra banda, faise contar que estaría garantido durante toda a vixencia deste contrato (incluídas as prórrogas) o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos fixados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola» na súa reunión do 21.04.2016, aceptados polo Concello (XGL do 06.05.2016), na que acordou ampliar o prazo de cesión ó Concello de Vigo do uso das instalacións e dependencias da “Casa do Pescador” por un periodo de seis (6) anos contado desde o 01.01.2017, prorrogable tacitamente por periodos iguais, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes con, alomenos, tres (3) meses de antelación tanto a respecto do periodo inicial renovado como de calquera das súas prórrogas. Consta no Exp. nº 69737/301 o oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado da Fundación de data 22.04.2016 (Rexistro xeral do 25.04.2016; Doc. nº 160052070) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular.

III.2.8. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 07.10.2022.

III.2.9. O gasto representado por esta segunda (2ª) prórroga, que é de 1.028.108,17 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 (*“PREST. SERV. CENTRO SERVIZOS SOCIAIS”*) dos orzamentos municipais; 85.675,68 € ó exercicio de 2026 (do 01.12.2026 ó 31.12.2026) e 942.432,49 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 30.11.2027). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

III.2.10. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.11. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 20.09.2022 polo Concello de Vigo coa entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato (cláusula 4) e no Prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2026 e ata o 30.11.2027, o contrato de servizos do “Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social” (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 08.09.2022 á entidade «CRUZ ROJA ESPAÑOLA» (CIF Q-2866001G), formalizado en documento administrativo o 07.10.2022, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 1.028.108,17 € que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «CRUZ ROJA ESPAÑOLA», que poderá imputarse á aplicación nº 2310.227.99.13 (*“PREST. SERV. CENTRO SERVIZOS SOCIAIS”*) dos orzamentos municipais; correspondendo 85.675,68 € ó exercicio de 2026 (do 01.12.2026 ó 31.12.2026) e 942.432,49 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 30.11.2027). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 7 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(482).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE RUTAS MARÍTIMAS GUIADAS GRATUÍTAS POLA RÍA DE VIGO ENMARCADO NO «PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO: VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES». EXPTE. 296599/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/05/2026, asinado pola xefe de Área de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto ao Servizo e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11.08.2023, acordou: *"Adxudicar a OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA (F-27.839.752) o procedemento aberto para a contratación do servizo de rutas marítimas guiadas gratuítas pola ría de Vigo (250002-301) coas seguintes condicións:* a) *O prezo máximo do contrato é de 70.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.180,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 4,4% a aplicar ao prezo unitario por persoa usuaria e ruta previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP. b)Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación: • Estudos do perfil básico das persoas usuarias da actividade (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade). • Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (ruta, organización e persoal, barco e equipamento e comunicación). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 07.09.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 07.09.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo *"e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato…"* (cláusula 7.3 PCAP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

I.4. Tramitouse xa no Exp. n.º 278451/301 a primeira (1ª) prórroga deste contrato para o periodo 07.09.2025 – 06.09.2026, que foi autorizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 21.03.2025.

I.5. Tramítase agora, no expediente administrativo nº 296599/301 (2026) a segunda (2ª) prórroga deste contrato para o periodo 07.09.2026 – 06.09.2027 e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

– Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá de data 07.05.2026 ordeando a incoación de procedemento administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 6).

– Comunicación ó contratista de preaviso da prórroga, efectuada o 08.05.2026 e recibida o 12.05.2026, dándolle tamén traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da 2ª prórroga do contrato (trámites núms. 7 – 12).

– Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

1. CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
2. EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
3. LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
4. RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
5. RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
6. TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
7. LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
8. TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
9. LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
10. L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
11. L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
12. RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
13. LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
14. LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
15. LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

16. ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
17. L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
18. L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
19. L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
20. Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## IV. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

*e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – "PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO" (LOTE II): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 07.09.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 11 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo de rutas gratuitas guiadas en barco pola Ría de Vigo, incluídas nas actividades do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política Social: "*VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES*" .

III.2.7. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 07.09.2023.

III.2.8. O gasto representado por esta segunda (2ª) prórroga, que é de 35.090,00€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (*"Programa de avellentamento activo"*) dos orzamentos municipais; 11.111,84 € ó exercicio de 2026 (do 07.09.2026 ó 31.12.2026) e 23.978,16 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 06.09.2027).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 07.09.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA», toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato (cláusula 4) e no Prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC).
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 07.09.2026 e ata o 06.09.2027, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 11.08.2023 á entidade «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752) por un prezo máximo (Lote II) de 70.180,00 €, IVE incluído, e formalizado en documento administrativo o 07.09.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 35.090,00 €, que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «OCEAN SECRET S. COOP. GALEGA» (F-27.839.752), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (*"Programa de avellentamento activo"*) dos orzamentos municipais; 11.111,84 € ó exercicio de 2026 (do 07.09.2026 ó 31.12.2026) e 23.978,16 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 06.09.2027). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TR-LRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(483).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN-SOCIOLABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO:" PROXECTO ACCEDER-VIGO EMPREGO". EXPTE. 296886/301.**
Visto o informe xurídico de data 13/05/2026 e o informe de fiscalización de data 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/05/2026, asinado pola



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 13 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

xefe de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.

I.2. A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

A súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

I.3. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución de programas de inclusión socio-laboral dirixidos á poboación xitana de Vigo no periodo 2026-2029 (“PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”).

I.4. A situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. O emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión.

I.5. O “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO” ten como obxectivos mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana de Vigo, posibilitando o acceso á formación profesional e ó emprego. Preténdese, en concreto, no ano 2026, realizar accións formativas e chegar a 50 persoas formadas.

I.6. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inme-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

diata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.7. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026-2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.9. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2026 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.17 – *Fundación Secretariado Xitano*, por un importe de 18.288€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio Fundación Secretariado Xitano*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa "Fundación Secretariado Gitano" (FSG) para os exercicios de 2026-2029.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: "PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO"» (2026-2029).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 73.152€, a razón de 18.288€/ano, con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación nº 2310.480.00.17 (– "*Fundación Secretariado Xitano"*) do orzamento vixente, a favor da "Fundación Secretariado Gitano", CIF nº G-83117374. As achegas correspondentes ós exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*"Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia": Convenio Fundación Secretariado Xitano*) no Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (**http://transparencia.vigo.org**) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha *"convocatoria instrumental"* e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: "PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO"» (2026-2029)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, Dª Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

Dª. Eva Vero Ledo, con DNI nº 34.267.745-E, directora territorial de Galicia da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG), CIF nº G-83117374, con domicilio social na rúa Ahijones, s/n de Madrid (CP 28018) e enderezo para os efectos de notificación na rúa Burgos nº 9 de Vigo (CP 36205).

INTERVEÑEN

Dª. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

Dª. Eva Vero Ledo, actuando en representación da FSG, segundo así resulta dos estatutos da Fundación e da documentación achegada, asegurando a comparecente a vixencia da mesma e que as facultades conferidas na escritura pública outorgada o 25.04.2019 perante a notaria de León Sra. Vázquez Arias, co nº 580 do seu protocolo, non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Secretariado Gitano” é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.

A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

II. Que a súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da problemática específica que presenta este colectivo para acadar a súa plena integración socio-laboral e da necesidade de seguir apoiando desde o Concello a execución daqueles proxectos que incidan positivamente na comunidade xitana.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públi-

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

cos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2026 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución de “PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL DA POBOACIÓN XITANA DE VIGO: “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”» (2026-2029).

SEGUNDA.- Para estes efectos, a FSG comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento dos servizos e actividades incluídas nese Programa, de acordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Fundación e que consta no expediente de referencia.

TERCEIRA.- A “Fundación Secretariado Gitano” comprométese, especificamente, a:

1)Poñer en marcha o “PROXECTO ACCEDER – VIGO EMPREGO”, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade das persoas xitanas de Vigo e propiciar a súa inclusión social activa a través do emprego e desde un enfoque integrado. Os profesionais desenvolverán o seu traballo nun equipo multidisciplinar, no marco dun Proxecto cuxo obxectivo final é o acceso á formación profesional e o emprego da poboación xitana.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

De acordo co proxecto presentado pola FSG, as principais actuacións por desenvolver serían as seguintes:

- Itinerarios personalizados de inserción laboral: solucións adaptadas a cada persoa e ó seu contexto.
- Mellora da cualificación como chave cara a igualdade de oportunidades.
- Intervención no mercado, intermediando con empresas para o achegamento da oferta e da demanda.
- Orientación a resultados, avaliación continua e innovación.
- Enfoque integrado.
- Activación e mobilización das persoas xitanas máis novas e das mulleres cara o mercado laboral.
- Propiciar un cambio de mentalidade: o valor de ter un emprego.
- A sensibilización social e a incidencia política.

2)Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

3)Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento dos servizos e as actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos que poidan derivarse da súa execución.

4)Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.

5)Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6)A presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPACAP).

A FSG poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029 por importe de 18.288€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 73.152€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – “*Fundación Secretariado Xitano”*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (*“Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia”: Convenio Fundación Secretariado Xitano*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

En todo caso, o financiamento municipal deste Programa farase sempre, en todas e cada unha das anualidades previstas, con cargo a fondos propios do Concello de Vigo e en ningún caso procederán de fondos europeos, a fin de garantir o principio de adicionalidade establecido polos Regulamentos que regulan os fondos estruturais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

21. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

22. O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou re-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 21 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

cursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e intrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimiento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da FSG e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estructura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:
-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluirse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó periodo 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.

2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

   - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
   - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
   - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó *"estampillado"* de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a de-

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

vandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.
No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das su-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

bvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

**5(484).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO". EXPTE. 2517/441.**

Visto o informe de fiscalización do 08/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 04/06/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tomiño" (2517-441)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 25 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tomiño" (2517-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOMIÑO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Jose Aya Vidal

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 05.01.2026.

Terceiro.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS NOVENTA E UN MIL NOVECENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (591.977,67 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 102.739,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0045 – proxecto de gasto 25153245 (Humanización Rúa Tomiño), crédito provinte da incorporación de remanentes.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 21 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*""Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tomiño" (2517-441) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *ORECO BALGÓN, SA* | *97,76* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGÓN, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGÓN, SA, o día 21 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o 29 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran a constitución da mercantil xunto co seu obxecto social e a súa clasificación. Asemade, no rexistro de Galicia, figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (G-6-1 e I-1-1) presentan a clasificación G-6-4 e a documentación do terceiro que integra a solvencia técnica coa clasificación I-1-1.
- Seguro de caución por un importe de 23.757,38 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGÓN, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CITANIAS ORECO BALGÓN, SA, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 18 de maio de 2026, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 21 de maio, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a ORECO BALGÓN, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tomiño" (2517-441) por un prezo total do contrato de 574.928,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 99.781,01 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(485).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR". EXPTE. 2518/441.**

Visto o informe de fiscalización do 08/06/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 04/06/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Soutomaior" (2518-441)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Soutomaior” (2518-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 20 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de“HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.01.2026.

Terceiro.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (340.781,11 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 59.143,83 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0044 – proxecto de gasto 25153244 (Humanización Rúa Soutomaior), crédito provinte da incorporación de remanentes.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 15 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Soutomaior” (2518-441) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU* | *90,09* |
| *2* | *NAROM, SL* | *85,37* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU, o día 15 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o 28 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran a constitución da mercantil xunto co seu obxecto social e a súa clasificación. Asemade, no rexistro de Galicia, figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e ATRIGA.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos, a escritura de cambio de denominación social e ampliación do obxecto social e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (G-6-2) presentan a clasificación G-6-2.
- Aval por un importe de 13.691,80 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 4 de xuño de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 4 e 11 de maio de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *“Adxudicar a CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, SLU o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Soutomaior” (2518-441) por un prezo total do contrato de 331.341,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 57.505,55 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(486).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO 2026. EXPTE. 25414/333.**
Visto o informe xurídico do 07/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe proposta do 05/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de De-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 31 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

portes e pola concelleira da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES:**

1.- Con data 27.02.26, a Xunta de Goberno local acordou aprobar as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as "subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo por un importe total de 260.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800011.

2.- O anuncio do extracto e das bases da convocatoria foron publicados no BOPPO de datas 13.03.26 e 16.03.26.

3.- Con data 05.05.26 celébrase a reunión da Comisión de valoración da convocatoria, composta polo Concelleiro Delegado de Deportes, o Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, encargados da avaliación das solicitudes de Subvención, segundo establece a cláusula 14ª da devandita convocatoria.

4.- A base 7ª da convocatoria establece os criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 115 puntos, que detalla que serán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima de 65 puntos.

5.- Sobre as solicitudes presentadas:

- Solicitudes presentadas: 2.
- Solicitudes admitidas: 2.
- Solicitudes rexeitadas: 0.

6.- Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:

a) Documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT.
b) Informe técnico do arquitecto municipal en relación ó cumprimento das condicións dos terreos, as edificacións e os proxectos presentados polos solicitantes en relación á convocatoria.
c) Informe da xefatura de Deportes do 05.05.26 sobre avaliación individual das solicitudes.

7.- Solicitudes admitidas: No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso por cumprir os requisitos establecidos para cada unha das liñas de subvención.

8.- Solicitudes rexeitadas: Ningunha.

9.- Cumprimento base 8ª: Tal como establece a cláusula 8ª das bases da convocatoria, o importe proposto para as entidades admitidas no procedemento non supera, en ningún dos casos, o 80% establecido como límite subvencionable do custo efectivo das actuacións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

10.- Cumprimento Base 5ª: Do informe do arquitecto municipal se infire que as entidades admitidas no procedemento cumpren cos requisitos dos beneficiarios e as condicións dos terreos e as edificacións, tendo en conta ademais que as bases establecen na cláusula 5.3 que as entidades poderán presentar as autorizacións e licencias necesarias no momento da xustificación, previo abono da subvención.

Por todo o dito anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Outorgar as subvencións segundo se relaciona no anexo I, por un importe total de 250.199,45 €, con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. Deportivas".

**Segundo.-** Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que pon fin á via administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do dia seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I: ENTIDADES ADMITIDAS E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO".**

| EXPTE | ENTIDADE | CIF | TOTAL PUNTOS | IMPORTE PROXECTO | Importe Subvención | % SUBVENCIONADO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 25725-333 | CLUB DEPORTIVO VALLADARES | G36629657 | 115 | 150.249,31 € | 120.199,45 € | 80,00°% |
| 25736-333 | S. CULT. E DEPORT. ATLÁNTIDA MATAMÁ | G36620854 | 100 | 162.640,65 € | 130.000,00 € | 80,00°% |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**8(487).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS A BENEFICIARIOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL- VIGO EMPREGA 2026. EXPTE. 22019/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/05/2026, asinado pola técnica de Administración xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Quinta Tenencia de Alcaldía e Concelleira da Area de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral, en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 9 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando os espazos públicos de carácter e titulo municipal.

**II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:**

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 21976-77 consta remitido en data 13/03/2026 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral "Vigo Emprega 2026" do Concello de Vigo, por canto requeriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 23/04/2026 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego Programa "Vigo Emprega 2026" do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local: *"..., en consonancia cos informes sinalados, a subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local propón que se informe de forma favorable o Plan Municipal de Emprego para fomentar a inserción laboral 2026 do Concello de Vigo, dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas e a normativa aplicable en canto estabilidade."*

**III. BASES REGULADORAS:**

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

| | | |
|---|---|---|
| • *Auxiliar administrativo* | • *Oficial albanelería* | • *Peóns construción* |
| • *Delineante* | • *Oficial carpintería aluminio* | • *Peóns xardinería-forestal* |
| • *Técnico Auxiliar Prevención Riscos Laborais* | • *Oficial carpintería madeira* | |
| • *Técnico de Marketing e Comunicación* | • *Oficial carpintería metálica* | |
| • *Técnico programador de actividades ambientais.* | • *Oficial condutor* | |
| • *Capataz construción* | • *Oficial electricidade* | |
| | • *Oficial fontanería* | |
| | • *Oficial mecánico mantemento maquinaria* | |
| | • *Oficial pintura* | |
| | • *Oficial xardinería-forestal* | |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

A ***Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS*** establece que os contratos terán unha duración **máxima de 9 meses** que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** ( Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa**, **na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405**) cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2026 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).
A este respecto, cómpre indicar que con data 23/04/2026 a Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2026 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais de data 30 de marzo de 2026 no que entende que: "*(…) non existe incompatibilidade co "PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2026 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego, complementaria ás establecidas dende a Xunta de Galicia, e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollan as bases reguladoras das axudas,.(...)".* E sinala tamén que*: "(…), dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Política de Emprego, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2026 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..".*

As retribucións das persoas traballadoras beneficiarias serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

**- Base 7ª. FORMACIÓN:**

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade*, en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formati-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

*va intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana*.

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 9 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización.

Introdúcense coma novidade varias unidades formativas correspondentes a módulos formativos asociados a certificados de profesionalidade da familia profesional da construción, incluídas no catálogo de accións formativas do SEPE, que se ofertan de xeito independente co fin de promover e facilitar a aprendizaxe permanente das persoas beneficiarias do programa a efectos de favorecer a acreditación de ditas unidades de competencia, favorecendo o acceso das persoas traballadoras a unha formación aberta, flexible e accesible, estruturada en forma modular, na liña da formación do Subsistema de Formación Profesional para o Emprego; estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

| Códigos | PROGRAMA DE FORMACIÓN | Nº Horas | Temática | Especialidade |
|---|---|---|---|---|
| | *PRL para traballos de albanelería parte común e específica* | *16h* | Formación Básica de Prevención de Riscos laborais | PRL |
| | *PRL para xardinería parte común e específica* | *7h* | | |
| | *PRL Equipos de albanelería* | *2h* | | |
| | *PRL Equipos de xardinería* | *2h* | | |
| | *PRL para Oficios parte común e específica* | *10h* | | |
| | *PRL Equipos dos diferentes oficios* | *2h* | | |
| | *PRL condutores parte común e específica* | *10h* | | |
| | *PRL manipulación cargas camión cesto izado de cargas portacontedores e remolque* | *12h* | | |
| | *PEMP- Plataforma elevadora* | *3h* | | |
| | *PRL específico para oficinas* | *4h* | | |
| | *Sinalización* | 1h | | |
| | *Escadas e varandas* | *1h 30 min* | | |
| | *Montaxe de andamio tubular* | *3h* | | |
| | | | | |
| UF0302 | *Proceso e preparación de equipos e medios en traballos de albanelería* | *40h* | Especialización Técnica cursos teórico prácticos. | Construción |
| EOCJ014 | *Sistemas de illamento Térmico Exterior. Rehabilitación enerxética de fachadas* | *20h* | | |
| UF1554 | *Instalacións simples de tabiques e trasdosados de placa de seixo laminado* | *40h* | | |
| FMEC003 | *Fabricación e montaxe de construcións metálicas.* | *45h* | | |
| MF0882 | *Montaxe e instalación de elementos de carpintería e moble.* | *28h* | | |
| ENAC15 | *Eficiencia enerxética en instalacións de aerotérmia.* | *30h* | | |
| | | | | |
| | *Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.* | *5h* | Orientación e Sensibilización | Comúns |
| | *Igualdade de oportunidades* | *10h* | | |
| | *Alfabetización dixital, tramitación e administración dixital* | *10h* | | |
| | *Sensibilización Ambiental* | *10h* | | |
| | | | | |
| AGAJ004 | *Curso xardinería e paisaxismo* | 50h | Especialización Técnica cursos teórico prácticos. | Xardinería |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 37 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**- Base 8ª. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:**

As dificultades advertidas en anteriores convocatorias para conseguir que se cubran a totalidade dos postos ofertados, conleva a necesidade da introdución de novidades nas fases do proceso de selección, ca finalidade de reforzar os mecanismos que permitan acadar o número necesario de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito. De xeito que se definen con maior concreción os sistema de admisión e de selección (e se introduce unha primeira entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa).

Unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro electrónico de editos e anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma anuncio do inicio do procedemento de selección de persoas candidatas ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

**8.1 <u>Sistema de admisión</u>**

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas. As persoas candidatas poderán autopostularse no Portal de emprego de Galicia, nas ofertas que lles sexan de interese, sempre e cando, cumpran os requisitos que se establecen nestas bases de convocatoria.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS ás persoas candidatas remitidas, de ser necesario.

No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.

3. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, verificarase o cumprimento dos requisitos imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional das persoas admitidas e excluídas. As persoas que non cumpran os requisitos definidos nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Orientación Laboral (SOL) en colaboración cos servizos municipais de Igualdade e de Benestar Social do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

**8.2 Sistema de selección**

1. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase por parte da Comisión de Selección á realización dunha entrevista persoal e probas: escrita e práctica.

O órgano de selección adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios das persoas aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

2. **Entrevista: (máximo 3 puntos).** Realizarase unha entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa. Valoraranse actitudes profesionais e formativas previas, aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa.

Solicitarase información ás persoas candidatas para valorar a súa opinión sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o interese polo emprego.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega e convocarase á realización da proba escrita.

3. **Proba Escrita (máximo 3 puntos).** A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas para avaliar competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto de traballo, aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades e adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba escrita publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e convocarase á realización da proba práctica ás persoas candidatas que obtiveron unha puntuación superior a 1 punto.

4. **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que as persoas candidatas demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse de acordo á profesión e ás tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns: as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que "NSNM" e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba práctica publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e procederase á fase de baremación dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

**IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :**

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do 08/05/2026, acordou aprobar a proposta de actualización da estrutura salarial (Expte: 22009-77) logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 17 de abril de 2026, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións (táboas salariais publicadas no BOPPO núm: 94 do mércores 20 de maio de 2026 e publicada rectificación do anuncio no BOPPO núm. 101 do venres , 29 de maio de 2026):

Os custos totais das retribucións do persoal beneficiario a contratar serán determinados na aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local para o 2026, cuxo prazo estimado de contratación será a partir do **1 de setembro de 2026 ata o 30 de maio de 2027** imputándose ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente aos anos 2026 e 2027:

- 2410 1310000 "PLAN DE EMPREGO INSERCIÓN LABORAL" SALARIOS:
- 2410 16000001 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS."

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**V. ÓRGANO COMPETENTE**

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira da área de Goberno.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH. e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

**VI. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo do 19 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023, e modificación posterior do 25 de setembro 2025, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

1. ***Aprobar as bases de selección*** *de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2026 que se achegan no anexo I.*
2. ***Proceder á publicación das bases de selección*** *no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 41 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2026

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio,Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral**,** en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 9 meses, creando oportunidades de emprego e mellorando os espazos públicos de carácter e titulo municipal.

**2. OBXECTO**

O PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO é un plan de acción directa, concretado na realización de contratos de duración determinada **(máximo 9 meses)** que resulten necesarios para a execución

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, bens e equipamentos municipais.
As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

**3. OCUPACIÓNS BÁSICAS.**

As contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego efectuaranse no desenvolvemento das seguintes profesións: peóns, oficiais, capataces, e persoal técnico e administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de persoas beneficiarias a seleccionar determinarase no momento da publicación das bases da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación pola Intervención Municipal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, nas seguintes categorías ou grupos profesionais:

- *Auxiliar administrativo*
- *Delineante*
- *Técnico Auxiliar Prevención Riscos Laborais*
- *Técnico de Marketing e Comunicación*
- *Técnico programador de actividades ambientais.*
- *Capataz construción*
- *Oficial albanelería*
- *Oficial carpintería aluminio*
- *Oficial carpintería madeira*
- *Oficial carpintería metálica*
- *Oficial condutor*
- *Oficial electricidade*
- *Oficial fontanería*
- *Oficial mecánico mantemento maquinaria*
- *Oficial pintura*
- *Oficial xardinería-forestal*
- *Peóns construción*
- *Peóns xardinería-forestal*

**4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓNS.**

O Plan Municipal de Emprego 2026 é un instrumento elaborado para a realización de contratos de duración determinada (máximo 9 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

4.1. Duración.-

- Como máximo 9 meses, coincidindo coa duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do Plan Municipal de Emprego, debendo

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas de un mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitas, en todo caso e, respecto de calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir en base á lexislación vixente, de acordo ao contido dos informes de RR.HH. e da Intervención Xeral.

**4.2. Modalidade.-**
Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada (artigo 1º Acordo Marco), a xornada completa, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** que se xunta ás presente bases reguladoras, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.
Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3. **Retribucións.-**

- As retribucións das persoas traballadoras beneficiarias serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, segundo as táboas salariais que se atopen en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos; resultando ditas retribucións diferenciadas do persoal do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio, que dispón dunha estrutura salarial dotada cos complementos (CE e CD) ligados á valoración dos postos.
  - As táboas salariais poden ter un incremento salarial en base ás actualizacións que teñan lugar no mencionado Acordo marco de referencia e cas actualizacións que sexan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional.
  - As vixentes retribucións por categoría profesional do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, actualizadas cos incrementos salariais efectuados en 2024, son as seguintes:

| Categoría | Importe bruto mes |
|---|---|
| Técnicos beneficiarios: (PRL, Delineante, T. Actividades Medio ambientais, T. Marketing e comunicación) | 1.860,62 |
| Capataz-Construción | 1.860,62 |
| Oficiais de oficios (albanel, condución, electricista, fontaneiro, mecánica maquinaria, pintor, xardinería,) de carpintería (aluminio, madeira metálica) | 1.584,18 |
| Peóns (xardinaría e construción) | 1.424,50 |
| Auxiliar administrativo | 1.584,18 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

## 5. REQUISITOS BÁSICOS

1. Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderán ser contratadas persoas que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
2. Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais na ocupación solicitada. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das ditas tarefas propias e habituais do posto de traballo ao que se presenta.
3. Ser persoa desempregada e inscrita como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
4. Estar empadroada no Concello de Vigo, con anterioridade a data de solicitude de persoas candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
5. Non ter sido persoal contratado por este Concello con data fin de contrato, cando menos 36 meses antes da solicitude de persoas candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia**,** en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, Plan Municipal de Emprego, ou cun contrato temporal ou de interinidade.
6. Non ter sido sancionada e/ou aberto expediente disciplinario como persoa traballadora deste en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de maneira reiterada.
7. Non poderán participar na mesma convocatoria do Plan Municipal de Emprego dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar, ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.
8. As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
9. Presentar a documentación completa e en regra, requirida polo Programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección.

## 6. REQUISITOS ESPECÍFICOS

| OCUPACIÓN | REQUISITOS | CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (benef) |
|---|---|---|
| ***Auxiliar administrativo/a*** | Diploma ou certificación da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior. | |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| OCUPACIÓN | REQUISITOS | CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (benef) |
|---|---|---|
| ***Técnico Prevención Riscos Laborais*** | Diploma ou certificación da formación académica correspondente: Técnico de Prevención de Riscos Laborais. | Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as) |
| ***Delineante*** | Diploma ou certificación da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior. | |
| ***Técnico de Marketing e comunicación*** | Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico Superior en Marketing e Publicidade. | |
| ***Técnico programador actividades ambientais*** | Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico Superior en Educación y Control Ambiental | |
| ***Capataces*** | Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz. Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas. | |
| ***Oficiais de oficios (nas especialidades que se indican no apartado 3º destas bases)*** | Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.<br>Experiencia mínima de 1 ano na mesma ocupación e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas. | |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| OCUPACIÓN | REQUISITOS | CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (benef) |
|---|---|---|
| ***Oficiais condución*** | Os condutores deberán estar en posesión dos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente *B, C,* actualizados e en vigor.<br>Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.<br>Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas. | Capitulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as) |
| ***Peóns/oas*** | Non é necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver | |

## 7. FORMACIÓN

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan non é un contrato formativo dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal e acoutadas por un período máximo de 9 meses; o que obriga a adicar o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Códigos | PROGRAMA DE FORMACIÓN | Nº Horas | Temática | Especialidade |
|---|---|---|---|---|
| | *PRL para traballos de albanelería  parte común e especifica* | *16h* | Formación Básica de Prevención de Riscos laborais | **PRL** |
| | *PRL para xardinería parte común e especifica* | *7h* | | |
| | *PRL Equipos de albanelería* | *2h* | | |
| | *PRL Equipos de xardinería* | *2h* | | |
| | *PRL para Oficios parte común e especifica* | *10h* | | |
| | *PRL Equipos dos diferentes oficios* | *2h* | | |
| | *PRL condutores parte común e especifica* | *10h* | | |
| | *PRL manipulación cargas camión cesto izado de cargas portacontedores e remolque* | *12h* | | |
| | *PEMP- Plataforma elevadora* | *3h* | | |
| | *PRL especifico para oficinas* | *4h* | | |
| | *Sinalización* | 1h | | |
| | *Escadas e varandas* | *1h 30 min* | | |
| | *Montaxe de andamio tubular* | *3h* | | |
| | | | | |
| **UF0302** | *Proceso e preparación de equipos e medios en traballos de albanelería* | *40h* | Especialización Técnica cursos teórico prácticos. | **Construción** |
| **EOCJ014** | *Sistemas de illamento Térmico Exterior. Rehabilitación enerxética de fachadas* | *20h* | | |
| **UF1554** | *Instalacións  simples de tabiques e trasdosados de placa de seixo laminado* | *40h* | | |
| **FMEC003** | *Fabricación e montaxe de construcións metálicas.* | *45h* | | |
| **MF0882** | *Montaxe e instalación de elementos de carpintería e moble.* | *28h* | | |
| **ENAC15** | *Eficiencia enerxética en instalacións de aerotérmia.* | *30h* | | |
| | | | | |
| | *Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.* | *5h* | Orientación e Sensibilización | **Comúns** |
| | *Igualdade de oportunidades* | *10h* | | |
| | *Alfabetización dixital, tramitación e administración dixital* | *10h* | | |
| | *Sensibilización Ambiental* | *10h* | | |
| | | | | |
| **AGAJ004** | *Curso xardinería e paisaxismo* | 50h | Especialización Técnica cursos teórico prácticos. | **Xardinería** |

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Plan Municipal de Emprego deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas en aspectos relacionados ca ocupación para a cal foron contratados.

**A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte persoas beneficiarias durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.**

## 8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Unha vez aprobadas as bases reguladoras da convocatoria procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro electrónico de edictos e anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma anuncio do inicio do procedemento de selección de persoas candidatas ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

### 8.1 Sistema de admisión

1. O sistema de admisión de persoas candidatas será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

2. O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.

As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas. As persoas candidatas poderán autopostularse no Portal de emprego de Galicia, nas ofertas que lles sexan de interese, sempre e cando, cumpran os requisitos que se establecen nestas bases de convocatoria.
A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS ás persoas candidatas remitidas, de ser necesario.
No caso de que, as oficinas de emprego do SPEG en Vigo, non remitan candidatos suficientes para as categorías profesionais das ocupacións ofertadas, solicitarase ás oficinas do SPEG a ampliación das ofertas presentadas, coa finalidade de acadar o número de persoas candidatas para realizar un proceso de selección efectivo e con garantías de éxito.
3. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, verificarase o cumprimento dos requisitos imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional das persoas admitidas e excluídas. As persoas que non cumpran os requisitos definidos nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.

De non obter candidatos suficientes, este Concello poderá recorrer a recursos municipais propios, ampliando tamén a busca de candidatos aos usuarios inscritos no Servizo de Orientación Laboral (SOL) en colaboración cos servizos municipais de Igualdade e de Benestar Social do Concello de Vigo, e sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nestas bases de convocatoria.

**8.2 <u>Sistema de selección</u>**

1. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase por parte da Comisión de Selección á realización dunha entrevista persoal e probas: escrita e práctica.

O órgano de selección adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios das persoas aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente

2. **Entrevista: (máximo 3 puntos).** Realizarase unha entrevista persoal na que se valore a actitude e interese que demostra a persoa candidata na participación no programa. Valoraranse actitudes profesionais e formativas previas, aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa.

Solicitarase información ás persoas candidatas para valorar a súa opinión sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o interese polo emprego.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega e convocarase á realización da proba escrita.

3. **Proba Escrita (máximo 3 puntos).** A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas para avaliar competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto de traballo, aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades e adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar, e a posible adecuación do seu perfil

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

á finalidade do programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba escrita publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e convocarase á realización da proba práctica ás persoas candidatas que obtiveron unha puntuación superior a 1 punto.

4. **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que as persoas candidatas demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse de acordo á profesión e ás tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns: as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que "NSNM" e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

A relación provisional das puntuacións da proba práctica publicaranse no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais acadadas, e procederase á fase de baremación dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta.

## 9. VALORACIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS

Dada a natureza e especiais características do Plan Municipal de Emprego, o procedemento de selección terá en conta, os diferentes colectivos entre os que se seleccionarán ás persoas candidatas; concretamente:

*9.1.* O **persoal administrativo e técnico beneficiario** será seleccionado, preferentemente, entre as candidaturas remitidas polo SPEG que pertenzan aos colectivos de mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou persoas menores ou iguais a 30 anos, non se lle puntuará as titulacións obrigatorias para o acceso ao posto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

### 9.2. *Valoración da experiencia laboral e formación dos capataces e oficiais.*

O Plan Municipal de Emprego necesita incorporar un número de profesionais con experiencia profesional e con certas habilidades formativas nos oficios relacionados coa construción e os servizos.
Deste xeito, valorarase a experiencia laboral e formación directamente relacionados coa actividade a desenvolver dos capataces e oficiais nos termos que se indican a continuación:

- Experiencia laboral: 0,1 puntos/mes que exceda do mínimo esixido (máximo 8 puntos)
- Formación: (máximo 4 puntos)
  *(só se puntuará cada curso unha vez, aínda que se repetise en varias ocasións ou se realizase con diferentes entidades)*

**Relacionada co posto (*recibida ou impartida*):**

| | |
|---|---|
| Por cada curso de entre 20 e 49 horas | 0,10 |
| Por cada curso de entre 50 e 99 horas | 0,20 |
| Por cada curso de entre 100 e 199 horas | 0,30 |
| Por cada curso igual ou superior a 200 horas | 0,40 |

**Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais**

| | |
|---|---|
| Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas | 0,20 |
| Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas | 0,40 |
| Curso de Prevención de máis 50 horas | 0,60 |

**Relacionado directamente coa especialidade:**

| | |
|---|---|
| Tarxetas ou carnets profesionais | 0,50 |

### 9.3. *Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza nos postos de peóns de:*

**9.3.1: 3%** persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as tarefas propias da ocupación, profesión ou oficio.

**9.3.2: 28%** mulleres.

**9.3.3: 2 %** vítima de violencia de xénero.

**9.3.4: 1 %** persoa trans.

**9.3.5: 21%** persoas menores ou iguais a 30 anos.

**9.3.6: 25%** persoas entre 31 e 45 anos *DLD.

**9.3.7: 20%** persoas maiores de 45 anos *DLD.

*DLD: *Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de persoas candidatas nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| COLECTIVO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Persoa discapacitada | 1 |
| Muller | 1 |
| Vítima de violencia de xénero[1] | 1 |
| Persoa Trans[2] | 1 |
| Xente moza menor ou igual a 30 anos. | 1 |
| Persoas entre 31 e 45 anos DLD. | 0,5 |
| Maior de 45 anos DLD | 0,5 |

- *[1]Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.*
- *[2]Persoa trans terá acreditado ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben a cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer. a aquela persoa que se identifique cun xénero diferente ao que lle asignaron ao nacer.*
- ***Aplicaranse as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e sumaráselles, se é o caso, un 0,20 puntos por cada requisito que cumpran dos segundos ou subseguintes colectivos.***

## 10. FINALIZACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E LISTAXES DE SUBSTITUCIÓNS.

Realizada a baremación das persoas candidatas, procedera á publicación das puntuacións provisionais da baremación e da puntuación final acadada no taboleiro electrónico do Concello de Vigo e nas dependencias do Parque Central do programa Vigo Emprega, indicando o día que se concede para formular alegacións.

No caso de que non se presente ningunha alegación no prazo outorgado, se elevarán a definitivas as puntuacións provisionais da baremación e os resultados definitivos, ca lista das puntuacións totais acadadas polos beneficiarios a contratar, xunto ca listaxe de suplentes.

Establécense coma criterios de desempate das puntuacións totais acadadas, os seguintes:

1º.- Maior puntuación obtida na proba práctica.

2º.- Maior puntuación obtida na proba escrita.

3º.- Maior puntuación na entrevista

4º.- Orde alfabética do segundo apelido.

As persoas candidatas que non fosen contratadas e tivesen superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as para este programa de emprego e para ocupacións de igual categoría e cualificación.

En caso de postos vacantes en algún dos colectivos dentro das categorías de peóns, en cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos, co obxecto de aumentar a proporción de mulleres traballadoras subrepresentadas no sector da construción, proponse que a hora de cubrir postos vacantes terán preferencia as persoas que reunan as seguintes características:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

- Muller menor ou igual a 30 anos.
- Menor ou igual de 30 anos
- Muller maior de 30 anos.

**11. PERSOAS CANDIDATAS CON DISCAPACIDADE**

As persoas candidatas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditado mediante certificación emitida polas entidades competentes) deberán achegar con carácter previo á contratación, o informe de compatibilidade do EVO onde se acredite a compatibilidade da discapacidade coas tarefas a desenvolver na ocupación profesional á que se presenta.
De resultar necesario, e coa finalidade de axilizar os trámites, poderase autorizar ao persoal responsable do programa para solicitar ás oficinas do EVO as certificacións necesarias das persoas seleccionadas.
Sen a presentación do informe, non poderán ser contratadas para a participación neste programa.
En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exixencias psicofísicas das respectivas ocupacións profesionais ás que optan.

No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, que impidan as persoas candidatas, desenvolver as funcións propias do posto de traballo, terán a obriga de informar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, no momento da achega da documentación previa ao proceso de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver na categoría ou grupo profesional da ocupación á que se presenta.

**12. COMISIÓN DE SELECCIÓN**
O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
Composición:
● A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
● Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
● Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.
Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP.
A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos pola A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio,Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude, xunto coas persoas titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.
Da valoración que a Comisión de Selección realice das persoas candidatas, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario. Os membros da comisión de selección e o seu persoal asesor especialista, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.
A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## 9(488).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA “ÓPERA CARMEN”. EXPTE. 10630/335.

Visto o informe xurídico do 29/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 15/04/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación da actuación artística da “ÓPERA CARMEN” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15/04/2026.
– Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual "Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026".

– O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha "Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026", no marco do expediente 10551-335.

– Con data 14 de abril de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha terceira programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a da "ÓPERA CARMEN".

– Memoria económica de data 15/04/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

– Retención de crédito de data 22/04/2026 (operación nº 1202600039957).

– Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 27/04/2026.

– Memoria xustificativa, de data 27/04/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

– Informe do Servizo de Contratación do 29/04/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

– Consta acreditado no expediente que a mercantil PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, ten cedidos os dereitos en exclusiva para levar a cabo a actuación da "ÓPERA CARMEN" o 24 de xullo de 2026 no Auditorio de Castrelos.

– Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 29/04/2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto**.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

> "Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da "ÓPERA CARMEN" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".
>
> Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 27/04/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 29/04/2026.
>
> Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 67.797,16 euros, sendo o valor estimado do contrato de 56.030,71 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.
>
> Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(489).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA "ABRAHAM MATEO". EXPTE. 10640/335.**

Visto o informe xurídico do 29/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RLCSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 57 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RL-CAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 08/05/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo do artista “ABRAHAM MATEO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 08/05/2026.
– Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026".

– O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.

– A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal aprobou en data 8 de maio unha cuarta selección das actuacións artísticas ou espectáculos para o Auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026, na que está incluída esta actuación artística, que foi publicada no Perfil do Contratante con data 12/05/2026.

– Memoria económica de data 08/05/2026, relativa aos seguintes extremos:

  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

– Retención de crédito de data 09/05/2026 (operación nº 1202600053075).

– Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 11/05/2026.

– Memoria xustificativa, de data 11/05/2026, relativa aos seguintes extremos:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

– Informe do Servizo de Contratación do 12/05/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

– Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 12/05/2026, que a mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU , ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación de “ABRAHAM MATEO” o día 07/08/2026 no Auditorio de Castrelos.

– Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 12/05/2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto**.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

**PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

> “Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “ABRAHAM MATEO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".
>
> Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 12/05/2026.
>
> Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 214.956,50 € euros, sendo o valor estimado do contrato de 177.650,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.
>
> Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(490).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA "ÓPERA NABUCCO". EXPTE. 10641/335.**
Visto o informe xurídico do 29/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/05/2026, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017 (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 11/05/2026, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación da actuación artística da ópera "NABBUCCO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

– A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa re-



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 61 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

solución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11/05/2026.

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026".

- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.

- A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal aprobou en data 8 de maio unha cuarta selección das actuacións artísticas ou espectáculos para o Auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026, na que está incluída esta actuación artística, que foi publicada no Perfil do Contratante con data 12/05/2026.

- Memoria económica de data 11/05/2026, relativa aos seguintes extremos:

    - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
    - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
    - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

- Retención de crédito de data 13/05/2026 (operación nº 1202600053876).

- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 13/05/2026.

- Memoria xustificativa, de data 13/05/2026, relativa aos seguintes extremos:

    - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
    - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
    - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
    - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
    - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
    - Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
    - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

– Informe do Servizo de Contratación do 14/05/2026 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

– Consta acreditado no expediente que a mercantil CENTRO GLOBAL ARDILIA SLU ten cedidos os dereitos en exclusiva para levar a cabo a actuación da ópera "NABBUCCO" o 9 de agosto de 2026 no Auditorio de Castrelos.

– Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14/05/2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.**- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que CENTRO GLOBAL ARDILIA SLU, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto**.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 63 de 158 |
| --- | --- | --- |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

> "Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da ópera "NABBUCCO" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".
>
> Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 13/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 14/05/2026.
>
> Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 97.284,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 80.400,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.
>
> Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(491).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "REFORMA DO MUÍÑO DE VENTO EN ESPAZO PÚBLICO NO BARRIO DE RIBADAVIA". EXPTE. 12934/307**

Visto o informe xurídico do 20/05/2026 e o informe de fiscalización do 03/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/04/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 20 de abril de 2026, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REFORMA MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO" NO BARRIO DE RIBADAVIA (VIGO) segundo delegación do alcalde de 15/04/2026 na que resolve *"Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade todas as atribucións precisas para a a xestión, tramitación, execución e seguimento dos ex-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

*pedientes de contratación administrativa de obra pública da actuación Reforma Muíño do Vento en espazo público no Barrio de Ribadavia".*

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 20 de abril de 2026, para o inicio do expediente de contratación.
- PROXECTO DE REFORMA do MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO" NO BARRIO DE RIBADAVIA (VIGO) redactado pola arquitecta Estefanía Grandal Leirós e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 30 de xaneiro de 2026, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de abril de 2026 pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras de reforma do muíño do vento
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 22 de abril de 2026 pola técnica de Administración Xeral e o 23 de abril de 2026 pola xefa de área de contratación e novos proxectos .

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**:

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afec-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 65 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

tará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- ACORDO:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da DAS OBRAS DE REFORMA do MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO" NO BARRIO DE RIBADAVIA (VIGO) redactado pola arquitecta Estefanía Grandal Leirós.

**2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado o 22 de abril de 2026 pola técnica de Administración Xeral e o 23 de abril de 2026 pola xefa de área de contratación e novos proxectos .

**3º.- Autorizar o gasto total de** TRESCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SEISCENTOS OITENTA E UN EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (357.681,96 €) sendo o importe correspondente ao IVE de SESENTA E DOUS MIL CENTO SETENTA E SETE EUROS CON TRES CÉNTIMOS (62.077,03 EUROS) con cargo á aplicación do exercicio orzamentario vixente 9330.6320045 DERRUBO DUNHA EDIFICACIÓN NO BARRIO DE RIBADAVIA (proxecto 25933045).

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**13(492).- APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO CONCURSO ORDINARIO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AO SUBGRUPO A1 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL). EXPTE. 1982/1102.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de febreiro de 2026 a Xunta de Goberno local aprobou as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión, mediante concurso ordinario, dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (escala da Administración xeral). No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión dos postos de traballo.

En data 13 de febreiro de 2026 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 30 as bases que rexen a convocatoria.

En data 12 de marzo de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 48 extracto da convocatoria.

En data 21 de marzo de 2026 publicouse no Boletín Oficial del Estado número 71 anuncio da convocatoria polo cal se procedeu á apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 14 de abril de 2026 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes:

| Nº | ASPIRANTE | NIF |
|---|---|---|
| 1 | Beatriz Domínguez Pereira | ***2244** |
| 2 | Marcos Viturro Gómez | ***9243** |
| 3 | Jose Carlos Vázquez Míguez | ***9014** |
| 4 | María Isabel Fernández Gabriel | ***5555** |

De conformidade coa cláusula quinta das bases da convocatoria, o 15 de maio de 2026, a Xunta de Goberno Local aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (escala da Administración xeral), mediante concurso ordinario.

O acordo estivo exposto ao público desde o 18 de maio ata 1 de xuño de 2026 no taboleiro de edictos (segundo certificado de data 28 de maio incorporado ao expediente) e na páxina web do Concello. No expediente non constan reclamacións.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 67 de 158
2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Transcorrido o prazo de dez días hábiles procede elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos, de conformidade coa base quinta das bases da convocatoria, e designar os membros da comisión de valoración segundo o previsto na base novena.

En base ao anterior e conforme ao disposto no artigo 127.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local, elévase á Xunta de Goberno local a seguinte proposta de **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos no procedemento de provisión dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (escala da Administración xeral), mediante concurso ordinario.

| Nº | ASPIRANTE | NIF |
|---|---|---|
| 1 | Beatriz Domínguez Pereira | ***2244** |
| 2 | Marcos Viturro Gómez | ***9243** |
| 3 | Jose Carlos Vázquez Míguez | ***9014** |
| 4 | María Isabel Fernández Gabriel | ***5555** |

**EXCLUÍDOS**

Ningún.

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración, conforme á cláusula novena das bases da convocatoria, que deseguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: Dª. María del Carmen Pazos Area, directora de Ingresos e Xestión Catastral delegada
Suplente: Dª. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

Vogais

Titular: D. Santiago Ulloa Ayora, arquitecto de Licenzas
Suplente: Dª. Cristina Chao Polo, arquitecta de Disciplina-Conservación Urbanística

Titular: Dª Mónica Domínguez Estévez, xefa do Servizo de Estatística
Suplente: D. Óscar Vega Andión, adxunto ao tesoureiro municipal

Titular: Dª. María de Mar Suárez del Campo, viceinterventora adxunta
Suplente: D. Luis García Álvarez, tesoureiro e director superior contable e orzamentario

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Titular: D. José Manuel Rey García, xefe do Servizo de Museos
Suplente: Óscar Abad Rodríguez, técnico Administración Especial - economista

Secretario/a:

Titular: José Villán Fuertes, secretario xeral do Pleno
Suplente: Dª. Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de Administración Municipal

**TERCEIRO.-** A comisión de valoración constituírase na sesión convocada pola presidencia.

**CUARTO.-** Contra este acordo e, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar este acordo no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(493).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE ALGUACIL-NOTIFICADOR. EXPTE. 48457/220.**
Visto o informe de fiscalización do 28/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/05/2026, asinado polo técnico de xestión e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**I.**- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2020, 2021, 2022, 2ª fase, (BOP nº 107 de 03/06/2024 e BOP nº 179 do 13/09/2024) incluía unha praza de alguacil-notificador, quenda libre.

**II.**- Segundo consta no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo referido, en sesión de data 18/02/2026, acordou:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 69 de 158 |
| --- | --- | --- |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*"...Nomear como funcionario de carreira con cargo a unha (1) praza vacante de alguacil notificador/a, enmarcada na agrupación profesional da escala de administración xeral, subescala subalterna (Grupo E), que figura incluída nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo ao aspirante **Abrahán Roca Barcia** que é o que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.*

| APELIDOS | NOME | NIF | TOTAL |
|---|---|---|---|
| ROCA BARCIA | A. | **1326*** | 20,31 |

..."

II.- Consta dilixencia da tramitación realizada, segundo a cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases (trámie 16).

III.- Revisados os datos na aplicación de Ginpix7, salvo erro ou omisión, constan en data actual as seguintes vacantes (non ocupadas interinamente nin vinculadas a procesos de estabilización) do posto 149- ALGUACIL-NOTIFICADOR

| Cdigo oficina | Descr._oficina |
|---|---|
| 201 | CONSERXERIA |

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.- Normativa de aplicación.-** Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

• O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

• O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que*: "......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

*"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 71 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*a) Superación del proceso selectivo.*

*b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.*

*c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.*

*d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.*

*2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria."* -A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizarase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto. Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplase expresamente nas bases xerais reitoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2020, 2021, 2022, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, un (1) alguacil-notificador/a, con cargo á praza vacante, enmarcada na agrupación profesional da escala de administración xeral (AX), subescala subalterna (Gupo E), que figura incluída nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| ROCA BARCIA | A. | ***3269** |

**III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou arde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

**IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais;

**V. - Órgano municipal competente:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de 26/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025

**PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.-**Cesar no servizo de Conserxería (Cód.-201), ao funcionario interino, con praza de Subalterno, A. R.B., con DNI: ***3269** e NP: 84111, no posto núm. 155, dotación 28, agrupación profesional E de titulación, Empresa cotización: 1, Grupo tarifa: 9, código ocupación: Cód. Cont.: 418, con efectos dende o día anterior da toma de posesión da mesma persoa nomeada funcionaria de carreira con cargo a dita praza.

**SEGUNDO.-**Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á unha (1) praza vacante ofertada na OEP-2020/2021/2022, 2ª fase (BOP nº 107 de 03/06/2024 e BOP nº 179 do 13/09/2024) de alguacil-notificador, quenda libre, enmarcada na agrupación profesional da escala de administración xeral (AX), subescala subalterna (Gupo E) a:

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| ROCA BARCIA | A. | ***3269** |

**TERCEIRO.-** Dispoñer que a persoa nomeadas deberá tomar posesión como funcionario de carreira na devandita prazas no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos oportunos.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**QUINTO.-** Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(494).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORA E IMPRESORAS. EXPTE. 256/221.**
Visto o informe xurídico de data 22/05/2026 e o informe de fiscalización de data 26/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**
Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), así como cos artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Mediante decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 25 de setembro de 2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 2025 (BOP nº 188, de 2 de outubro de 2025), estrutúranse as áreas de goberno municipais, correspondendo á Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, entre outras, as competencias en materia de contratación, réxime interior, recursos humanos, administración electrónica e demais funcións vinculadas coa xestión administrativa municipal.
Así mesmo, a Concelleira delegada de Atención á Cidadanía, baixo a dirección e coordinación da devandita Área de Goberno, ten atribuídas competencias en materia de rexistros, arquivos, estatística, conserxería, así como información e relacións coa cidadanía.
Faise constar que a primeira e única prórroga do contrato (expediente 145-221), denominado “Contratación por procedemento aberto simplificado abreviado do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras”, finalizou o día 12 de marzo de 2026.

Aos efectos de xustificación da necesidade e idoneidade do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o papel de fotocopiadora constitúe un subministro imprescindible para o correcto funcionamento dos distintos servizos administrativos do Concello de Vigo, no exercicio das competencias atribuídas polos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O uso de papel resulta necesario nas diferentes dependencias administrativas, tanto para o funcionamento interno dos servizos como para a emisión de comunicacións e notificacións á

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

cidadanía.

O servizo de Réxime Interior non dispón de medios propios, nin materiais nin persoais, suficientes para asumir directamente a prestación, polo que resulta necesario acudir á contratación externa. Mediante este contrato preténdese garantir a continuidade do subministro, así como favorecer a racionalización do gasto público, mellorar a eficiencia na súa xestión e permitir un maior control do consumo.

Constitúe o obxecto do presente contrato o subministro de papel en formato A4 e A3 destinado ás distintas dependencias do Concello de Vigo, para a súa utilización nas tarefas administrativas ordinarias, tanto de carácter interno como nas relacións coa cidadanía.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

7)Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado en data 27 de febreiro de 2026 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024), coa conformidade da Concelleira delegada de Atención a Cidadanía, e da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

8)Memoria económica do contrato asinada en data o 1 de abril de 2026 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024), coa conformidade da Concelleira delegada de Atención á Cidadanía e da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

9)Declaración da redactora do prego técnico, asinada en data 7 de abril de 2026 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024).

10)Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 7 de abril de 2026 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientesda área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024).

11)Memoria xustificativa asinada con data 10 de abril de 2026 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024), coa conformidade da Concelleira delegada de Atención á Cidadanía e mais da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

12)Informe do servizo de Contratación, asinado pola redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do servizo de Contratación, e asinado con data 22 de maio de 2026.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

13)Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do servizo de Contratación, e asinado con data 22 de maio de 2026.

**II.- CONDICIÓNS DEFINIDORAS DO CONTRATO**

**II.1.- Obxecto e natureza do contrato.**

O presente contrato ten por obxecto o subministro de papel A4 e A3 para uso dos servizos municipais do Concello de Vigo.

O contrato configúrase como un subministro en función das necesidades, polo que as cantidades que se indican teñen carácter estimativo, sen que o Concello estea obrigado a acadar un volume mínimo de consumo. Sendo a previsión anual de consumo a seguinte:

• Papel branco A4: 800 caixas de 5 paquetes por caixa (4.000 paquetes de 500 follas).
• Papel branco A3: 75 paquetes de 500 follas.

O contrato inclúe o subministro de papel, embalaxe, transporte, entregas e devolucións.

**II.2.- Xustificación da necesidade.**

Aos efectos de xustificar a necesidade e idoneidade do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, infórmase que o papel para fotocopiadora constitúe un elemento esencial para o desenvolvemento das funcións administrativas que teñen encomendadas os distintos servizos do Concello de Vigo, no exercicio das competencias previstas nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Mediante este contrato satisfaise a dita necesidade, garantindo ao mesmo tempo a racionalización do gasto público, un maior control do consumo e unha mellora na súa xestión.

O uso de papel de impresión e fotocopiado faise necesario nas diferentes dependencias administrativas do Concello de Vigo, tanto para uso interno como para facer chegar os cidadáns comunicacións ou notificacións por vía postal.

**II.3.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato e tratándose dun contrato de subministro, proponse a tramitación do presente expediente de contratación a través do procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP), con o prezo como único factor determinante na adxudicación segundo se establece no artigo 145.3.f) LCSP.

Trátase dun contrato de subministro en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da lcsp).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

O obxecto do contrato identifícase  cos códigos CPV seguintes: 30197630-1 Papel de impresión; 30197643-5 Papel para fotocopiadora.

**II.4.- Prezo e valor do contrato.**

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

**a).- Orzamento base de licitación**

O orzamento máximo de licitación é 33.081,70 € (IVE incluído). Sendo o importe correspondente ao 21% de IVE de 5.741,45 €

Prezo sen IVE: 27.340, 25 €

Importe 21% IVE: 5.741,45 €

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando os prezos actuais do mercado do papel (A4 e A3), que reflicte circunstancias recollidas no punto 2.1 da memoria económica deste expediente.

**b) Prezos unitarios do papel branco A4 e  A3 (IVE incluído).**

- Prezo unitario caixa de 5 paquetes (500 folios/paquete) papel branco A4 :  39,59 €
- Prezo unitario paquete (500 follas) A3: 18,72 €

Os prezos unitarios inclúen o subministro de papel, embalaxe, transporte, entregas mensuais aos servizos,  devolucións e gastos indirectos (beneficio industrial, custes xerais e ive).

**II.5.- Valor estimado do contrato:**

O valor estimado ascende a 54.680,00 € (sen IVE). No antedito importe está incluída 1 anualidade máis 1 ano de prorroga sen IVE.

**II.6.- Anualidades:**

- **Anualidade:** do 15 de xullo de 2026 ao 31 14 de xullo de 2027 por importe de 33.081,70 € IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao IVE de 5.741,45 €.
- **Primeira e única prórroga**: do 15 de xullo de 2027 ao 14 de xullo de 2028 por importe de 33.081,70 € IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao IVE de   5.741,45    €. €.

O gasto que representa no exercicio económico do ano **2026**, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Base<br>€ | IVE<br>€ | Importe total<br>**ANO 2026** |
|---|---|---|---|
| 9200.2200002 “MATERIAL OFICINA” | 13.676,74 € | 2.864,11 € | 16.540,85 € |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  26/06/2026 14:23:34
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O gasto que representa no exercicio económico do ano **2027**, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Base € | IVE € | Importe total **ANO 2027** |
|---|---|---|---|
| 9200.2200002 “MATERIAL OFICINA” | 13.676,74 € | 2.864,11 € | 16.540,85 € |

**II.7.- Revisión de prezos.**

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

**II.8.- Prazo de execución e prórroga.**

**Prazo de execución.**

Do 15 de xullo de 2026 ao 14 de xullo de 2027.

**Prórroga:**

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións por 1 ano. En consecuencia a duración máxima do contrato será 24 meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio.

**II.9.- Criterios de valoración e xustificación.**

De conformidade co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establécese un único criterio de adxudicación, que será o prezo, determinado polo porcentaxe de desconto único aplicable aos prezos unitarios recollidos no punto 2.1.a) da memoria económica.

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicada en valor porcentual cun máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos dos elementos a subministrar.

Para valorar este criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto dos prezos unitarios.

Xustifícase a utilización dun único criterio de avaliación ao tratarse dun contrato cuxas prestacións están perfectamente definidas desde o punto de vista técnico, non sendo posible introducir variacións cualitativas que acheguen maior valor á execución do contrato, polo que o prezo constitúe o elemento determinante para a selección da oferta máis vantaxosa.

**II.10.- Prazo de garantía.**

Non se establece prazo de garantía específico, sen prexuízo das responsabilidades derivadas da normativa aplicable.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**II.11.- Subcontratación.**

O contratista poderá concertar con terceiros a realización total da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.

**II.12.- Modificacións do contrato**

Non.

**II.13.- Responsable do contrato**

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo de Alcaldía, (Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024).

**II.14.- Lugar de entrega**

O subministro de papel entregarase directamente nos servizos municipais de conformidade cos requirimentos que efectuará o/a responsable do contrato. En concreto:

- Servizos municipais da Casa do Concello de Vigo.
- Servizos e oficinas exteriores do Concello de Vigo (sempre dentro do termo municipal de Vigo).

**II.15.- Data prevista para o inicio do contrato**

A data prevista de inicio é o 15 de xullo de 2026, ou ao día seguinte da sinatura do contrato.

**II.16.- Seguro**

Procede constituír seguro específico: non

**II.17.- Referencia ao réxime de pagamento**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase mensualmente, tras a entrega de cada subministro, previa presentación da correspondente factura con suxeición aos requisitos que estabelece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 79 de 158
2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face- de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

a) GE0000575 – Servizos Económicos
b) L01360577 – Concello de Vigo
c) GE0000687 – Contratación

**II.18.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril.**

O orzamento máximo de licitación é de 33.081,70 € que podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA", do orzamento municipal de 2026, condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio.

O presente contrato está incluído na "Planificación da Contratación Municipal do ano 2026 da Área de Contratación e Novos proxectos".

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

**II.19.- Cesión de datos ó adxudicatario e cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.**

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

**II.20.- Condicións especiais de execución.**

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- O papel estará fabricado con fibra virxe procedente de bosques de xestión Sostenible e estará sometido a un proceso de branqueado libre de cloro.

**II.21.- Resolución do contrato.**

A resolución do contrato rexerase polo estabelecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da Lei 9/2017 e especificamente para o contrato de submnistración e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 da mesma lei.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación por procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP) para o subministro de papel de fotocopiadora e impresoras para uso do Concello de Vigo. Expediente: 256-221.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía *(Instrutora dos expedientes da área de Réxime Interior e das unidades administrativas de Conserxería e Almacén adscritas a dita área, Resolución da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 15 de xaneiro de 2024)*, asinado con data 7 de abril de 2026

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, e asinado con data 22 de maio de 2026.

**Cuarto.-** Autorizar un gasto polo importe máximo de licitación de 33.081,70 € (IVE incluído), sendo o importe correspondente ao 21% de IVE de 5.741,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA", do orzamento municipal para o vixente exercicio, de acordo ás seguintes anualidades:

- **Anualidade:** do 15 de xullo de 2026 ao 14 de xullo de 2027 por importe de 33.081,70 € IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao IVE de 5.741,45 €.

- **Primeira e única prórroga**: do 15 de xullo de 2027 ao 14 de xullo de 2028 por importe de 33.081,70 € IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao IVE de 5.741,45 €. €.

O gasto que representa no exercicio económico do ano **2026**, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Base € | IVE € | Importe total **ANO 2026** |
|---|---|---|---|
| 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" | 13.676,74 € | 2.864,11 € | 16.540,85 € |

O gasto que representa no exercicio económico do ano **2027**, é o seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Base € | IVE € | Importe total **ANO 2027** |
|---|---|---|---|
| 9200.2200002 "MATERIAL OFICINA" | 13.676,74 € | 2.864,11 € | 16.540,85 € |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 81 de 158
2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo ao procedemento aberto simplificado abreviado (art.159 LCSP).

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(495).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE POSTO VACANTE EN EXPEDIENTE DE PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE TRABALLO DE LETRADO/DA-ASESOR/A XURÍDICO ADSCRITOS A ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 2019/1102.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola secretaria de Goberno local-instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6.02.2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras para a provisión de tres postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica mediante o sistema de libre designación.

Trala publicación das bases no BOP núm 30 de data 13.02.2026, extracto de anuncio do DOG núm. 48 de data 12.03.2026 publicouse no BOE núm. 39 de data 1.04.2026 a convocatoria de provisión do posto o que deu lugar a apertura do prazo de presentación de instancias que rematou o día 24.04.2026.

Durante o prazo de presentación de instancias e segundo consta no expediente 2019-1102 presentáronse as seguintes solicitudes:

| ASPIRANTE | DNI |
|---|---|
| ROSALÍA ALONSO PENA | ***9778** |
| ROSA MARIA OTERO MALVAREZ | ***6573** |

En data 4.05.2026 emituse informe da instrutora de cumprimento dos requisitos.

En data 12.05.2026, previa solicitude, emitiuse informe de idoneidade da Asesoría Xurídica.

En data 22.05.2026 a Xunta de Goberno Local adoptou, previo informe proposta da instrutora e informe de fiscalización o seguinte acordo

**"PRIMEIRO.-** Adxudicar a Rosalia Alonso Pena con DNI ***9778** o posto de letrado-asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105).

**SEGUNDO.-** Adxudicar a *Rosa María Otero Malvar* o postos de letrado -asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**TERCEIRO.-** Declarar deserta a convocatoria dun posto de letrado-asesor (Ref Posto na RPT: 1110105).

**CUARTO.-** A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

**QUINTO.-** A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo"

En data 29.05.2026 publicouse anuncio do acordo no BOP de Pontevedra.

En data 29.05.2026 Rosalia Alonso Pena, funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, con praza e posto de Técnica de Administración Xeral, presenta escrito de renuncia.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

**a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

**b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 83 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

d) Regulamentos e ordenanzas locais.

e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

A cláusula sexta das bases reguladoras da convocatoria de provisión de tres postos de traballo de letrado/a- asesor/a xurídico adscritos a Asesoría Xurídica, en consonancia co art. 93 LEPG da IPEP e art. 8 do RD 151/2022, do 4 de agosto, determina " *O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular".*

Tralo acordo de adxudicación do posto de letradoa/asesora, a aspirante Rosalía Alonso Pena non tomou posesión do posto adxudicado no prazo establecido. Toda vez que Rosalía Alonso Pena é funcionaria de carreira do Organismo Autónomo de Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, procede declarar vacante o posto de letrado-asesor (Ref Posto na RPT: 1110105) e dar traslado do acordo a dito organismo aos efectos.

**CUARTO.- Do órgano competente**

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

Polo exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar vacante o posto de letrado-asesor (Ref Posto na RPT: 1110105).

**SEGUNDO.-** Dar traslado ao organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo aos efectos que procedan.

**TERCEIRO.-** Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os nteresados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso- administrativo do Tribunal de instancia de Vigo, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(496).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE "SALA ÁRTIKA S.L" PARA O FINANCIAMENTO DA PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA NO MES DE XANEIRO DE 2026. EXPTE. 6671/330.**

Visto o informe xurídico do 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/05/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 05.05.2026, a entidade SALA ÁRTIKA S.L.( CIF B-09950072) presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da **PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS NA SALA ÁRTIKA NO MES DE XANEIRO DO 2026**

Por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-
A entidade "SALA ARTIKA S.L." xestiona dende o ano 2014 a SALA ÁRTIKA, un espazo adicado ás artes escénicas, que naceu co obxectivo de achegar o teatro a todos os cidadáns de Vigo, reinvindicar as artes escénicas como opción de ocio e a creación de novos públicos.

A programación caracterízase por estar formado por un conxunto de espectáculos que abranguen diferentes artes escénicas como danza, monicreques, comedia musical, dramas, co obxectivo de que o público poida apreciar os diferentes xéneros.

Figuran entre os obxectivos da Sala Artika SL os seguintes: Ofrecer unha programación continua de calidade; Promocionar e difundir espectáculos de diferentes compañías de nivel local e autonómico; Fidelizar aos maiores nas artes escénicas mediante a divulgación e achegamento do teatro, programando espectáculos que teñan contidos para os intereses que poidan ter os distintos tipos de espectadores; Integrar aos distintos grupos sociais, independentemente do sector ao que pertenza; Promover as artes escénicas, dándolle cabida tanto ás compañías que teñen unha amplia traxectoria e espectáculos de gran formato, como ás compañías de recente creación con proxectos unipersoais.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 85 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

PROGRAMA E ORZAMENTO:

**Lugar:** Sala Ártika

**Datas:**

| DATA | COMPAÑÍAS - ESPECTÁCULO | COMUNIDADE | FUNCIONS |
|---|---|---|---|
| 09/01/2026 | SUNIL LÓPEZ TRÍO | GALICIA | 1 |
| 10/01/2026 | TARABELA CREATIVA – MALA SORTE BOA FAMA | GALICIA | 1 |
| 11/01/2026 | TARABELA CREATIVA – MALA SORTE BOA FAMA | GALICIA | 1 |
| 17/01/2026 | KARLIK DANZA TEATRO – LUCIA JOYCE | EXTREMADURA | 1 |
| 18/01/2026 | KARLIK DANZA TEATRO – LUCIA JOYCE | EXTREMADURA | 1 |
| 24/01/2026 | TALIA TEATRO – UN DEUS SALVAXE | GALICIA | 1 |
| 25/01/2026 | TALIA TEATRO – UN DEUS SALVAXE | GALICIA | 1 |
| | | | 7 |

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 10109,95 € (dez mil cento nove euros con noventa e cinco céntimos) , dos que o Concello de Vigo achegará 10.000 € e a empresa 109,95 €

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L., rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia;

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no dito PES se recolle un importe de 6.000 €, neste exercicio está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.470.00.03, cun importe, segundo a proposta, de 10.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor da entidade Sala Artika S.L., CIF **B09950072**, pasando dos 6.000 € previstos inicialmente no PES aos 10.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: a programación de actividades culturais de investigación e divulgación que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade SALA ÁRTIKA S.L. deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

<u>FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-</u>
A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. ten como obxecto financiar a organización da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2026, figurando na aplicación **3340.470.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade SALA ÁRTIKA S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

<u>CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN</u>
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado, concelleira da Area de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"<u>PRIMEIRO.-</u> Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros) á* entidade SALA ÁRTIKA S.L. *CIF. B-09950072, para o financiamento da Programación das Artes Escénicas na Sala Ártika, xaneiro 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación "ARTIKA, PROGRAMA ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*<u>SEGUNDO.-</u> As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**
1)É de responsabilidade da Entidade :

a)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
b)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
c)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2)Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dna. Fernanda Barrio Barcala, administradora da entidade

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

3)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

**Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que suponña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE achega recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención, a ENTIDADE e o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**
O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.

- **So se considerá gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

- **A conta xustificativa dos gastos presentarase segundo o modelo dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo**: *https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=4443&lang=ga*, **coa relación clasificada de gastos e con todos os datos solicitados cubertos (número de factura, provedor, concepto, importe, data de emisión...). Non se aceptarán contas xustificativas que non se presenten no citado modelo.**

  **Os pagos en efectivo limítanse até un importe máximo de 1.000 € ou ben ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.**

- **No seu caso, aportarase memoria explicativa sobre as posibles desviacións respecto ao orzamento inicial da actividade, segundo o artigo 72.2.a) do RD 887/2006.**

- **Naqueles gastos onde a cobertura exceda do marco temporal subvencionable, deberase aplicar o principio de devindicación, realizando os axustes proporcionais que corresponda.**

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Gastos subvencionables:
Consideraranse  gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas  de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Fíxase unha porcentaxe flexible máxima do 5% na execución da actividade sen que supoña alteración no obxecto do presente convenio e na concesión da subvención.**

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(497).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO "MURO DE CONTENCIÓN DO ACCESO AO EEI VILA LAURA". EXPTE. 6848/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Administración xeral, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos o día 11.07.2025 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da mercantil CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, SL.

**II**.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de execución de "MURO DE CONTENCIÓN DO ACCESO AO EEI VILA LAURA, VIGO", redactado polo enxeñeiro industrial Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (107.599,92 €).

**III.-** A xefa do Servizo de Educación e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 22.10.2025 informaron que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 23.10..2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A solución adoptada contempla a execución dun novo muro de formigón armado na mesma ubicación que ocupa actualmente o muro existente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

O novo muro estará cimentado mediante seis micropilotes, que se encargarán de transferir as cargas ao terreo resistente. Sobre os micropilotes executarase unha capa de formigón de limpeza, cuxa función é regularizar a superficie de apoio e facilitar a correcta colocación dos elementos estruturais. Encima desta capa construirase unha zapata de formigón armado, que actuará como base de sustentación do muro.

Para poder realizar a execución do muro, realizaranse unha serie de actuacións, que inclúen:

- Valado de seguridade.
- Protección do árbore próximo ao vértice do muro e do báculo coa luminaria, instalacións e canalizacións en caso de existir.
- Movemento de terras con retirada do terreo máis próximo ao muro orixinal para a construción do novo muro de formigón armado. Escavación realizada para a cimentación levarase a cabo ata alcanzar unha cota que garanta a presenza dun terreo coa capacidade portante adecuada para a instalación dos micropilotes. Retirada do exceso de terras a vertedeiro autorizado.
- Instalación de manta xeotextil no trasdós do muro orixinal para evitar lavado de áridos.
- Recheo de zona entre manta xeotextil e muro con grava que permite movemento de auga cara aos mechinales do muro.
- Recheo con terra na zona baleirada na escavación para volver a xerar a zona axardinada existente. Sobre o muro de formigón armado colocarase un recheo de terra sobre o que se volverá a xerar a beirarrúa peonil empedrada para o acceso ao colexio.
- Executarase a recollida de augas pluviais indicadas no trasdós mediante unha gabia drenante e conectarase mediante un colector á rede de pluviais existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de NOVE (9) SEMANAS.

**V.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 21.04.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.*

*A actuación proposta pertence á ordenanza U.10 correspondente ao Equipamento, non ten incidencia urbanística xa que centrase na reconstrución dun elemento de contención de terras existente con características similares á actual sen ningún cambio de volume nin aliñacións.*

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

*Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as obras que se propoñen non aumentan a altura total máxima existente da edificación, como pode verse nos planos do proxecto, en consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.*

*As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de execución de "**MURO DE CONTENCIÓN DO ACCESO AO EEI VILA LAURA, VIGO**", redactado polo enxeñeiro industrial Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (107.599,92 €) e asinado dixitalmente o día 20 de abril de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(498).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "DERRUBA COMPLETA DE EDIFICACIÓN DE VIVENDAS EXISTENTE NA PARCELA DO CEIP CANICOUVA". EXPTE. 7020/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Administración xeral, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** Por parte do servizo Educación remítese proxecto básico e de execución de "DERRUBA COMPLETA DE EDIFICACIÓN DE VIVENDAS EXISTENTE NA PARCELA DO CEIP CANICOUVA, CONCELLO DE VIGO", redactado polos arquitectos municipais Juan Luís



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 97 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez - Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (60.174,56 €).

**II.-** A xefa do Servizo de Educación e o xefe da Área de Servizos Xerais os días 21 e 22.04.2026 informaron que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 23.04.2026, a proposta do técnico de Administración Xeral, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**III.-** O edificio de vivendas que se pretende derrubar encontrase no interior da parcela onde situase o centro de ensinanza CEIP CANICOUVA na rúa Canicouva, nº 22 do concello de Vigo. A referencia catastral da parcela é 2433701NG2723S1FA.

A edificación a derrubar e unha edificación exenta pero dentro do centro educativo e con edificacións próximas. A superficie total aproximada da edificación a derrubar é duns 659,40 m2, repartidos en planta baixa (42,00 m2) e tres andares de 205,80 m2 de superficie.

A derruba completa do edificio permitirá que o espazo que ocupa na actualidade pase a formar parte do espazo de patio do equipamento deportivo.

O proceso de derruba farase de tal xeito que respecte o cumprimento do RD 105/2008 polo cal se regulan os residuos da construcción e da demolición.

A derruba farase de xeito ordenado xa que, ca retirada dalgún elemento pódese provocar o colapso parcial ou total da estrutura. As tarefas de derruba comenzan nos materiais de cuberta, pasando
pola estrutura da cuberta e rematando cas paredes divisorias dos diversos espazos do baixo cuberta.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de UN (1) MES.

**IV.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 27.05.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.*

*A parcela onde se encontra a edificación a derrubar ten a clasificación de Solo Urbano, Sistema Local de Equipamento Educativo.*

*Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

*establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as obras que se propoñen non aumentan a altura total máxima existente da edificación, como pode verse na Memoria e nos Planos do proxecto, en consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.*

*As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 99 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**
Aprobar o proxecto básico e de execución de "**DERRUBA COMPLETA DE EDIFICACIÓN DE VIVENDAS EXISTENTE NA PARCELA DO CEIP CANICOUVA, CONCELLO DE VIGO**", redactado polos arquitectos municipais Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez - Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS con CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (60.174,56 €) e asinado dixitalmente os dias 25 e 26 de maio de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(499).- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "REFORMA DO LOCAL COMERCIAL NA PLANTA BAIXA PARA USO DE PÚBLICA CONCORRENCIA SITUADO NO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO". EXPTE. 19/343.**
Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 04/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/05/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1**.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 15.01.2026 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**2.-** O dito arquitecto presenta, trala fase de supervisión, proxecto de "REFORMA DO LOCAL COMERCIAL NA PLANTA BAIXA PARA USO DE PÚBLICA CONCORRENCIA SITUADO NO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO ", cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS con TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (1.870.814,36 €).

**3.-** Previo informe da enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal do día 04.03.2026, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 04 e 05.03.2026, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 06.03.2026 aprobou o proxecto de "REFORMA DO LOCAL COMERCIAL NA PLANTA BAIXA PARA USO DE PÚBLICA CONCORRENCIA SITUADO NO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO", redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS con TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (1.870.814,36 €) e asinado dixitalmente o día 27 de febreiro de 2026. (Expte. 6958-443).

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 06.03.2026 que se corresponde co expediente administrativo 6958-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 10.03.2026.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 10.03.2026.

D) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 03.03.2026.

E) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 15.03.2026.

F) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 17 e 18.03.2026.

G) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 20.03.2026.

H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor dos días 14 e 15.04.2026.

I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 04.05.2026.

J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 04.05.2026.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos do día 26.12.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

## III.- PROPOSTA

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "REFORMA DO LOCAL COMERCIAL NA PLANTA BAIXA PARA USO DE PÚBLICA CONCORRENCIA SITUADO NO COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO", redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS SETENTA

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS con TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (1.870.814,36 €) , segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|---|---|
| 2026 | 1.363.700,00 € |
| 2027 | 507.114,36 € |
| TOTAL | 1.870.814,36 € |

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 04.05.2026.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320043 – proxecto de gasto 25933043 (Obras adaptación espazo cultural Pazo Congresos), por importe de 1.363.700,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2027, na aplicación orzamentaria 9330.6320043, crédito por importe de 507.114,36 €.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(500).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS IMPAGADAS (USO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS). EXPTE. 506256/700.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/06/2026, asinado polo tesoureiro municipal, que di o seguinte:

O Xefe do Servizo dos Deportes de Vigo (IMD) do Concello de Vigo, remíte a esta Unidade de Recadación Executiva en data 18 de maio de 2026 :

- Expediente 8004-611: liquidación de **CABRAL FC** (N.I.F. G**6572**) por importe de **2.559,35** euros por uso de instalacións deportivas correspondente ós adestramentos e/ou partidos dende o 14/02/2025 ata o 31/01/2026, notificada en periodo voluntario, regulamentariamente conforme os artigos 109 e 112 da Lei Xeral Tributaria, 58/2003, de 17 de decembro e transcorridos os prazos de ingreso e de solicitude de aprazamento sen que se efectuará ningún dos procedementos indicados se require desa TESOUREIRIA - RECADACION para que o SR. TESOUREIRO DICTE A CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 103 de 158
2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**En consecuencia , propónse a XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:**

Quedar enteirada das seguintes liquidacións que se remiten a esta Unidade de Recadación Executiva – Tesourería, para que o Sr. Tesoureiro dicte a correspondente providencia de constrinximento que unha vez notificadas o obrigado tributario inicie o cobramento pola vía de constrinximento sobre o patrimonio dos obrigados o pago con arranxo ó procedemento regulado na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

| TITULAR | NIF | EXPEDIENTE | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| CABRAL FC | G**6572** | 8004-611 | 2.559,35 |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**22(501).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIAS DE MOBILIDADE PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO INTERIOR. EXPTE. 5701/449.**

Sómetese a aprobación o informe-proposta de data 08/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

PRIMEIRO.-A disposición adicional octoxésima cuarta da lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 ( prorrogados para 2026) “Subvenciones a las entidades locales por servicios de transporte colectivo urbano interior”” establece as bases reguladoras para que as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo especificado no seu apartado dous, “ En la distribución del crédito podrán participar los Ayuntamientos que dispongan de un servicio de transporte público colectivo urbano interior, cualquiera que sea la forma de gestión” podan solicitar e beneficiarse das axudas para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se preste no seu ámbito de competencia.

A disposición adicional establece unha dotación de 51.054.740 € a repartir entre tódolos beneficiarios, con cargo a aplicación orzamentaria 17.41.441M.464 establecendo no apartado dous os requisitos que é necesario cumprir, e no apartado sete a documentación que é necesario presentar.

A documentación que deben presentar as entidades locais interesadas e a que figura no apartado 7 da disposición adicional

O formato da documentación será o que determinen os órganos competentes do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e debe remitirse no prazo entre o 1 de xuño e 15 de xullo do ano en curso.

SEGUNDO.- A Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 28 de maio de 2026 establece a forma de presentación da información requirida no apartado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

sete da disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para o 2026 ) en relación coa convocatoria de subvencións as entidades locais pola prestación de servizos de transporte colectivo urbano.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no apartado nº 3 da Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 26 de maio de 2025, cando a solicitude de subvención non a presente directamente o Alcalde será necesaria a presentación dun documento de representación e engade que admitirase como documento de representación o documento de habilitación de representación para presentar a solicitude firmado polo Alcalde e polo Secretario Municipal ( apud acta )

CUARTO.-Considerando que de conformidade co disposto no nº 1 do decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023, BOPP de data 28 de xuño de 2023, lle corresponden a esta entre outras as seguintes atribucións:
“ A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos público e aceptación da súa concesión “

A vista do exposto , e de conformidade co anterior, proponse a Xunta de Goberno Local , a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO.- SOLICITAR a Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade, a concesión da subvención prevista e regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para 2026) para o financiamento do servizo de transporte colectivo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo , de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección General de Estratexias de Mobilidade da data 28 de maio de 2026.

SEGUNDO.- DELEGAR no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Goberno de Fomento, Servizos de Deportes, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada na disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogados para 2025) para o financiamento do servizo de transporte colectivo urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo, de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección Xeral de Estratexias de Mobilidade da data 28 de maio de 2026.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 105 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**23(502).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA UE INDUSTRIAL II-04 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 5331/401**

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 09/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/06/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. Danse por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, o relato de feitos e a fundamentación/valoración xurídica contida no informe con proposta de acordo asinado conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e a Xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico en data 12.03.2026, conformado polo Xerente de Urbanismo e a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar en data 27.03.2026 na que, entre outros pronunciamentos, se adoptou o seguinte:

*"ACORDO: PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña», no termo municipal de Vigo (Pontevedra), promovido pola mercantil "Global Fitness Sport, SL", con CIF B74.327.131, instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo en data 09.03.2026 (Doc. Núm.260057589) actualizada e refundida, elaborada polo arquitecto P.D.L.P.C (Colexiado núm. 1.901 do COAG), de data febreiro de 2026. SEGUNDO.: Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, ao preceptivo trámite de información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no ámbito e nos sistemas xerais afectos. TERCEIRO.: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais de Vías e Obras (Aqualia), Electromecánicos, seguridade e mobilidade, e limpeza ,así como as empresas subministradoras Telefónica e demais operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Gas Galicia. CUARTO.: Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, os informes sectoriais que resulten preceptivos, en atención ás características do ámbito. QUINTO.: O contido íntegro do instrumento inicialmente aprobado estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo, na seguinte ruta* https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal *(..)".*

I.II. En cumprimento do acordado, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao preceptivo trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios no BOPPO núm. 63 do 06.04.2026 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Vigo) do 03.04.2026, na páxina Web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e así o fai constar o Xefe de Servizos Centrais da XMU en dilixencia asinada en data 12.05.2026, incorporada ao expediente dixital de razón.

**I.III.** En data 02.05.2026 o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, expide certificación do resultado de información pública, do seguinte teor literal:

*"Que o Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña", someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 3 de abril de 2026) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 63, do 6 de abril de 2026).*

*Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.*

I.IV. Pola súa banda, procedeuse a notificar o acordo de aprobación inicial aos seguintes departamentos municipais: Fomento, Electromecánicos, Seguridade e Mobilidade e Limpeza; así como as empresas subministradoras e/ou distribuidoras- Aqualia,UFD Distribución Electricidad, SA, Telefónica de España, S.A, R Cable e Telecable Comunicacións, SAU, e Nedgia Galicia, SA.

I.V. En data 27.05.2026 (Cod. Sol.: W1495488-8788; Doc. Núm. 260132427) a mercantil "Global Fitness Sport, S.L." presenta no rexistro electrónico da Xerencia documentación técnica nomeada*: Anexo I Proxecto de urbanización San Andrés de Comesaña,* redactada e asinada dixitalmente polo arquitecto P.D.L.P.C (colexiado 1.901 do COAG), de data maio de 2026, cuxo contido e dar resposta ao requirimento efectuado polo departamento municipal de Electromecánicos, e ao da empresa subministradora Nedgia, S.A.

**I.VI.** Elevado o expediente ao enxeñeiro civil de urbanización e infraestruturas adscrito ao Departamento de Desenvolvemento Urbanistico, en data 01.06.2026 emite informe técnico favorable a aprobación definitiva do *Proxecto de Urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña*, do seguinte teor literal:

*"(..) ANTECEDENTES*

*El 09/03/26, El Arquitecto Pedro de la Puente Crespo en representación de la entidad GLOBAL FITNESS SPORT presenta el documento n.º 260057589, que incluye el proyecto de urbanización de la UE IND II-04 San Andrés de Comesaña. Cabe mencionar que presentaron otras versiones anteriores del proyecto que fueron informadas anteriormente con deficiencias en su contenido.*

*A los efectos fiscales que corresponda, el presupuesto de ejecución material asciende a la cantidad de 1,197.524,19 € y un presupuesto de ejecución por contrata (IVA incluido) de 1.724.315,07 €.*

*El ámbito de esta actuación es de 28.676 m² y se encuadra entre las av de Ricardo Mella (de titularidad autonómica), vial transversal a Ricardo Mella, de titularidad municipal y Caramuxo, también municipal, para la comunicación interna de las parcelas generadas se ejecuta una glo-*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 107 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*rieta de la que parten dos viales a 90 grados, uno conecta con Caramuxo y otro con vial transversal a Ricardo Mella. No se plantea comunicación ni accesos desde el vial autonómico.*

*La superficie total a urbanizar (ámbito mas ampliaciones) es de 29.305 m².*

*Tanto el PERI como el proyecto de compensación prevén 4 parcelas, la mas grande con uso terciario y las otras tres de uso Industrial.*

*Además de los 2 nuevos viales, incluidos en el ámbito de la urbanización del área a ordenar se incluyen 3 ampliaciones a los viales existentes.*

*A todos los viales se les dotará de todos los servicios urbanísticos necesarios, estableciendo en base a los mismos, las áreas laterales de protección así como el establecimiento de los aparcamientos necesarios.*

*Como ya se puso de manifiesto en los anteriores informes de infraestructuras del PERI y del proyecto de urbanización, así como el informe de a empresa concesionaria (que consta en el expediente.) para poder absorber los caudales efluentes del ámbito, se hace necesaria la renovación de los colectores de evacuación de aguas pluviales y fecales de esa zona del camino Caramuxo, que en su mayoría discurren por una servidumbre (n.º 25 del camino Caramuxo).*

*Para resolver esta circunstancia, se ha incluido en el proyecto un capítulo específico (n.º 13) de "Renovación de colectores"en el que se diseña y valora la renovación de los colectores existentes, aumentando su capacidad hidráulica y dándoles definitivamente la característica de Rede Separativa. Este capítulo contempla también, en cumplimiento de los criterios de Aguas de Galicia para la entrega de aguas pluviales a un cauce, de un tratamiento previo consistente en una cámara subterránea de desarenado y separación de grasas.*

*La urbanización contempla todos los servicios habituales: red de saneamiento de fecales, de pluviales, abastecimiento, riego, alumbrado público, gas, energía eléctrica, telecomunicaciones y mobiliario urbano.*

*El proyecto cumple con las vigentes normas urbanísticas del plan general vigente y las específicas del PERI y con la Ley 10/2014, de 3 de diciembre de accesibilidad, con lo establecido por la Orden TMA/851/2021 del Ministerio de Vivienda, en la que se desarrollan el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados. con la ordenanza municipal de alumbrado público y la ordenanza municipal de Montes, Parques y Jardines.*

*El proyecto se aprobó inicialmente el 27 de marzo de 2026 en Junta de Gobierno Local y posteriormente fue sometido a exposición pública.*

*El 12/05/2026, el secretario de la Gerencia Municipal de Urbanismo certificó que el proyecto fue sometido al trámite de información pública por un periodo de un mes y, en ese periodo, no se presentaron alegaciones.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

*INFORME*

*El 15/04/26, la entidad Nedgia Galicia SA, presenta el documento n.º 260089656 en el que manifiesta que existen canalizaciones de Gas natural en el ámbito de este proyecto, aportando un plano y en este escrito describe las precauciones que se deben tomar para proteger estas instalaciones.*

*EL 21/04/26 la empresa IMES API (actual concesionaria del mantenimiento del alumbrado público) presenta el documento n.º 260095500 en el que detalla en un informe de supervisión del capítulo de alumbrado público del proyecto solicitando una serie de correcciones en el mismo.*

*Como contestación a estos escritos, el 27/05/26, la entidad Promotora, presenta un anexo (ANEXO I) al proyecto de urbanización en el que da respuesta a los requerimientos de la empresa concesionaria del alumbrado público en el capítulo de alumbrado y da contestación también el escrito de NEDGIA GAS.*

*El documento presentado acompaña las indicaciones reflejadas en el informe de la empresa concesionaria del mantenimiento del alumbrado público incluyéndolo en la memoria, el anejo de alumbrado público, los planos y el presupuesto.*

*En este documento se declara que las instalaciones de Gas de Nedgia que señalan en su escrito, se encuentran en terrenos privados de la entidad promotora y no cuentan ni contaron con autorización alguna para su instalación, al tratarse de un conflicto entre particulares estos temas se dirimirán en los cauces habituales para conflictos entre particulares, por lo que podrán tomarse las medidas procedentes durante la ejecución de las obras de urbanización.*

*Se ha modificado el presupuesto en el capítulo de alumbrado sin que este haya sufrido modificación en el importe total del presupuesto de la urbanización.*

***Después de haber revisado el documento se concluye que este proyecto y su ANEXO I definen de una manera correcta las obras necesarias para la transformación de este suelo a suelo urbano consolidado, de manera compatible con el planeamiento de desarrollo y la gestión del ámbito.***

*Una vez que este proyecto sea aprobado definitivamente deberá seguir las prescripciones contenidas en la instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Concello de Vigo, (BOPPO n.º 223 del miércoles, 18 de noviembre de 2015).*

*El acuerdo de aprobación definitiva, se notificará a los departamentos municipales de Vias y Obras, Electromecánicos, seguridad y movilidad, limpieza, también a las empresas Telefónica y demás operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Gas Galicia, así como a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del proyecto (..).*

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa Básica aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana,

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local,
- O vixente PXOM 2025 do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 26.05.2025, na que se aprobou definitivamente o documento nomeado 'Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, versión para aprobación definitiva' datado en febreiro 2025. O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm.123 do 30.06.2025 e a súa normativa foi publicada no BOPPO núm.146 do día 04.08.2025 (Exp. 15313/411),
- Plan Especial de Reforma Interior U.E Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión do 31.07.2023. Dito acordo de aprobación definitiva, foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 190 do 5 de outubro de 2023, a súa normativa no BOPPO núm.243, do 20.12.2023. Área de Planeamento Incorporada- API-605 do vixente PXOM 2025,
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010),

II.II. Natureza, Obxecto e Ámbito do Proxecto de Urbanización

A natureza e obxecto do presente proxecto de urbanización, é detallar e programar, coa precisión necesaria para a súa execución material, as obras de urbanización precisas para o desenvolvemento do *Plan Especial de Reforma Interior U.E Industrial II-04 San Andrés de Comesaña* (Exp.16958/411).

As intervencións previstas inclúen, definición da explanación e pavimentación viaria, execución de firmes e pavimentos, rede de abastecemento, rede de saneamento e drenaxe, rede eléctrica, rede de alumeado, rede de telecomunicacións, rede de gas natural, rede de rego e xardinería, sinalización e mobiliario urbano.

Dentro do ámbito non existen infraestruturas, pero ao estar dentro do tramado urbano de Vigo está vinculado aos sistemas existentes no exterior das parcelas que o conforman. A afección sobre estas infraestruturas e servizos urbanos é mínima, limitándose á conexión dos novos viarios coas ditas infraestruturas e á ampliación dos sistemas viarios lindeiros.

A comunicación co resto da cidade realízase conectando as novas vías da urbanización coa Avenida Ricardo Mella (PO-325) e co Camiño do Caramuxo.

As obras para o desenvolvemento construtivo de cada unha das parcelas enmárcanse no PERI aprobado, onde se concretan as características construtivas e a normativa de uso e desenvolvemento de cada parcela. O uso previsto para as ditas parcelas é comercial e industrial.

O ámbito delimitado da UE-IND II-04 conta cunha superficie total de 28.676 m$^2$ e situase entre a confluencia da Avenida de Ricardo Mella e o camiño de Caramuxo, en Navia, dentro do polígono industrial Caramuxo e ao Sur do polígono residencial de Navia.

A superficie total á urbanizar (ámbito máis ampliacións é de 29.305 m².)

O ámbito no que se proxecta a urbanización se corresponde coa Área de Planeamento Incorporada- API-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

605 Plan Especial UE.II.O4 Santo André de Comesaña do vixente PXOM/2025 do Concello de Vigo.

II.III. Contido do Proxecto de Urbanización

Trala achega pola mercantil promotora de varias entregas de documentación técnica correspondente ao proxecto de urbanización da U.E. Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, emendando e/ou subsanando o requirido en senllos informes técnicos municipais, finalmente en data 09.03.2026 (Doc. Núm. 260057589; Cod. Sol.: W1444845-9060) tivo entrada no rexistro electrónico da Xerencia, impreso de solicitude subscrito polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo e/r da promotora “Global Fitness Sport”, con CIF B70327131, ao que xunta documentación técnica consistente no «Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo (colexiado núm. 1901 do COAG) en data febreiro de 2026.

En data 27.05.2026 (Cod. Sol.: W1495488-8788; Doc. Núm. 260132427) a mercantil “Global Fitness Sport, S.L.” presenta no rexistro electrónico da Xerencia documentación técnica nomeada*: Anexo I Proxecto de urbanización San Andrés de Comesaña,* redactada e asinada dixitalmente polo arquitecto P.D.L.P.C (colexiado 1.901 do COAG), de data maio de 2026, cuxo contido e dar resposta aos requirimentos efectuados- tralo preceptivo trámite de información pública- polo departamento municipal de Electromecánicos, e pola empresa subministradora Nedgia, S.A.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas da XMU, en data 01.06.2026 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informe que se incorpora a presente proposta e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

II.IV. Réxime xurídico de aplicación

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 111 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro de obra civil da XMU en informes emitidos en datas 11.03.2026 e 01.06.2026.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

II.V. Formulación e Tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes, do xeito e co resultado que se indicou nos previos antecedentes de feitos.

Conclusión.: Cumprimentados os trámites sinalados, e tralo análise técnico e xurídico co contido e alcance de avaliar a integridade documental do proxecto de urbanización, as actuacións administrativas realizadas e a súa adecuación e conformidade coa lexislación vixente que resulta de aplicación, o expediente está completo e procede propor ao órgano competente a aprobación definitiva do *Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña*

II.VI. Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico emitido en data 01.06.2026 polo enxeñeiro de obra civil da oficina de urbanización e infraestruturas da XMU, que se incorpora a presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao *«Proxecto de urbanización da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña»*, no termo municipal de Vigo (Pontevedra), promovido pola mercantil "Global Fitness Sport, SL", con CIF B74.327.131, instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo en data 09.03.2026 (Doc. Núm.260057589) actualizada e refundida, elaborada polo arquitecto P.D.L.P.C (Colexiado núm. 1.901 do COAG), de data febreiro de 2026, así como a documentación técnica presentada *en data 27.05.2026 (Doc. Núm. 260132427) nomeada* "Anexo I Proxecto de urbanización San Andrés de Comesaña", elaborada polo arquitecto P.D.L.P.C (colexiado 1.901 do COAG), de data maio de 2026.

SEGUNDO.: Notificar o contido íntegro do presente acordo a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO.: Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, seguridade e mobilidade, e limpeza ,así como as empresas subministradoras/ e ou distribuidoras Telefónica e demais operadores de telefonía, Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Gas Galicia,

CUARTO.: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Vigo, na seguinte ruta https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=cas.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**24(503).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA FAUNA E DAS INSTALACIÓNS E REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS DO EXOTARIUM EN VIGONATURE. EXPTE. 13507/612.**

Visto o informe xurídico do 05/06/2026 e o informe de fiscalización do 08/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/05/2026, asinado polo director de Réxime Interior-Zoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

I.1.- D. Diego Peinado Ballesteros con DNI 74515008E, presentou escrito en data 19/05/2026 manifestando a vontade de prorrogar o contrato do que é adxudicatario do servizo de mantemento da fauna das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature (expdte 12701-612) en contestación ao requirimento de 13/05/2026.

I.2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria con data 23 de maio de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de mantemento da fauna das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature (expdte 12701-612),

> *"Adxudicar a DIEGO BALLESTEROS PEINADO o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento da fauna e das instalacións e realización de accións divulgativas do exotarium en VigoNature (12701-612) por un prezo total do contrato de 74.274,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.890,64 euros e coas seguintes condicións:*
>
> a) *O prezo total da parte fixa do contrato é de 64.274,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.155,10 euros.*
> b) *O prezo total da parte variable do contrato é de 10.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.736,00 euros.*
> c) *A porcentaxe única de desconto a aplica ao prezo unitario previsto no apartado 3.G) do Anexo I -FEC- do PCAP, para a parte variable do contrato é de 0 %. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.3.- Con data de 16/06/2025 a empresa adxudicataria asina o contrato para a prestación do servizo. Na documentación que forma parte do contrato, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

A entidade adxudicataria ven prestando os servizos a satisfacción da administración municipal.

**II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

II.1.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece que:
" O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei.
A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ó menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obrigación de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.
En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dé a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses".
O Prego de Cláusulas Administrativas particulares (en adiante, PCAP) que rexe este contrato establece na cláusula 7 que o prazo de execución poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas.
II.2.- Polo tanto, tanto a lexislación de aplicación (LCSP) como o contrato (PCAP), permiten a prórroga do contrato. Considérase procedente a prórroga, baseándose no desenvolvemento satisfactorio dos servizos así como o cumprimento pola mercantil adxudicataria das obrigas establecidas.

II.3.- PREZO PARA O PERÍODO DE PRÓRROGA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O Anexo I de Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP no apartado 4.c) establece que:

" PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, dúas prórroga de 1 ano de duración"

O prezo do contrato para a prorroga comprendida entre o 16/06/2026 e o 15/06/2027 é de 74.274,64 € coa seguinte distribución de anualidades:

a) O prezo total da parte fixa do contrato é de 64.274,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.155,10 euros.
b) O prezo total da parte variable do contrato é de 10.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.736,00 euros.

Polo tanto, o importe da prórroga do contrato comprendido entre o 16/06/2026 e o 15/06/2027 ascende ao importe de 74.274,64 €, IVE 21% engadido. Para o ano 2026 será con cargo ás seguinte partida orzamentaria de gasto: 337.1.227.99.01 "Servizo Reptilario".

Anualidades:

2026: (40.087,96 €)

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Parte fixa: 34.690,70

- Parte variable: 5.397,26 €

2027: ( 34.186,68 €)

- Parte fixa: 29.583,94 €

- Parte variable: 4.602,74 €

II.- 4 COMPETENCIA

É órgano competente para a resolución da prórroga do contrato a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido da Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Por todo o exposto, tralos informes favorables da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar a prórroga dun ano de duración do contrato do servizo de mantemento da fauna das instalacións e realización de accións divulgativas do Exotarium en VigoNature, á adxudicataria " Diego Peinado Ballesteros con DNI 74515008E*"*, por acordo da XGL de 23/05/2025, dende o 16 de xuño de 2026 ao 15 de xuño de 2027.

O importe total do período da prórroga, 1 ano, é de 74.274,64 euros con IVE, dende o 16 de xuño de 2026 ata o 15 de xuño do 2027, con cargo á seguinte partida orzamentaria de gasto: 337.1.227.99.01 "Servizo Reptilario".

As anualidades son:

2026: (40.087,96 €)

- Parte fixa: 34.690,70

- Parte variable: 5.397,26 €

2027: ( 34.186,68 €)

- Parte fixa: 29.583,94 €

- Parte variable: 4.602,74 €

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contenciosos-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contenciosos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, Interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(504).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA DE ESTADO DE SANIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DO "PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADITIVOS EN MENORES E MOZOS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 10379/336.**

Visto o informe de fiscalización de data 05/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2026, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Proposta de solicitude de subvención á convocatoria da Secretaria de Estado de Sanidade:** Resolución del 17 de marzo de 2026, de la Secretaría de Estado de Sanidad, por la que se convoca la *concesión de ayudas económicas a corporaciones locales para el desarrollo de programas de prevención de las adicciones,* con cargo al Fondo de bienes decomisados por tráfico ilícito de drogas y otros delitos relacionados.

Dende a Concellería de Xuventude **proponse á Xunta de Goberno Local** a aprobación da presentación da solicitude de subvención á convocatoria anteriormente relacionada , en base aos seguintes parámetros:

**PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN**

**1.** Datos de identificación da Entidade solicitante:
Nome: Concejalía de Juventud del Ayuntamiento de Vigo
**2.** Descripción del programa:
Denominación do programa: Programa de prevención de consumos adictivos en menores y jóvenes del Ayuntamiento de Vigo
**Coste previsto do programa : 554.103€**
**Subvención solicitada do 70%: 387.872,10€**
**Aportación corporación local do 30%: 166.230,90€**

**3.** Aos efectos de xustificar ,de ser o caso, a subvención concedida existe financiamento comprometido nos seguintes expedientes:

- **EXPEDIENTE: 10.317-336: 3ª PRÓRROGA PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR,** aprobado na Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de abril de 2026 . **3370.2279912. Campamentos do verán**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 · Páxina 117 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- **EXPEDIENTE: 10080-336**: **2ª PRORROGA SERVIZO VIGOSÓNICO.** Aprobado na Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2025. 3370.2279901 GASTOS MANTEMENTO E XESTIÓN DE VIGOSÓNICO e **EXPEDIENTE 10.287-336** "**PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DENOMINADO VIGOSÓNICO**" aprobado na Xunta de Goberno Local do 22 de maio de 2026 con cargo na partida orzamentaria 3370.2279901 GASTOS MANTEMENTO E XESTIÓN DE VIGOSÓNICO.

- **EXPEDIENTE: 10.344-336: 1ª PRÓRROGA CONTRATACIÓN DÁ PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL**. Aprobado na Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2026 e con cargo á partida orzamentaria 3370.2279900. Ludoteca Casa da Xuventude e Coia

**4. Actividades a realizar.**

4.1. <u>Breve explicación e descrición das actividades e adecuación e coherencia das mesmas en relación cos obxectivos e poboación destinataria.</u>

- O Programa de Lecer Alternativo para a prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo 2026/2027 foise adaptando, edición a edición, ás necesidades e intereses da poboación xuvenil da cidade e en cada vez reúne a un número maior de participantes.
- Seguiranse incrementando as actividades formativas en horario de tarde, xa que se constatou unha maior afluencia de mozas que antes ocupaban este tempo con actividades extra escolares e que agora, debido á crise económica que afecta a todo o país, non poden custearse.
- No **período estival** reforzarase cunha programación específica, **ampliándose o horario e o grupo de idades dos/as destinatarios/as**. Realizaranse actividades específicas por idades, en función do seu desenvolvemento evolutivo e os seus intereses, e cun marcado carácter preventivo. Nestas actividades, que serán sobre todo lúdicas, preténdese traballar hábitos saudables de hixiene, alimentación, igualdade de xénero, rexeitamento de consumo de drogas e tamén outros valores como a solidariedade, a responsabilidade, a participación, etc.
- O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos aditivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido. Coa particularidade que cumprimos dende a Concellería de que, ao amparo do requerido nas bases da convocatoria: "*Se desarrollarán, como mínimo, a lo largo de tres meses consecutivos o, en el caso de periodos vacacionales, durante veinte días seguidos, con una duración mínima de ciento ocho horas de actividad en el primer caso o sesenta horas en el segundo, salvo que, por razones justificadas por la tipología concreta del programa o por circunstancias relacionadas con la protección de la salud y la seguridad de los beneficiarios, y de acuerdo con las instrucciones de las autoridades sanitarias, ello no sea aconsejable. Los horarios de las actividades serán adecuados a las características de los destinatarios.*"

- Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Xuventude, e colaborando o Plan Local de Drogas, Benestar Social, Igualdade, Deportes, Medio Ambiente e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

- As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos**.

- Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

**a) Actividades de dinamización infantil e xuvenil en espazos municipais.**
- Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente,a actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc. Eixes temáticos :
- Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.
- Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.
- Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

**b) Actividades específicas no verán**.- PROGRAMA VERÁN XOVE
- Características.- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival.
Realizarase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas.
- Realizaranse en período estival, de xuño a setembro. Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozas, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo.
- Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos. Estas actividades tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas. Destacamos os seguintes bloques de actividades:

**c) Actividades de prevención familiar, comunitaria e ambiental.-**
- Desenvolveranse actuacións de prevención estrutural ou ambiental que produzan cambios en diversas contornas físicas e sociais da cidade para favorecer comportamentos máis saudables na poboación, reducir o uso de drogas e outras condutas capaces de xerar adicción. Fomentarase tamén a prevención familiar, con programas específicos de socialización entre pais, nais e fillos, propiciando a mellora da comunicación, dado que a familia é un dos escenarios máis importantes para intervir en prevención.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**d) Actividades deportivas e xogos.**
- Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutivamente das actividades lúdicas. Organizaranse espontaneamente (pachanga) ou por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte para realizar así o precise). Potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga. Propoñeranse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc.

**e) Talleres .**
Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos.

**f) Actividades culturais.**
Ofertarase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. Saídas e visitas a lugares de interese na cidade forman parte deste bloque de actividades.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- " A aprobación da solicitude dunha subvención de **387.872,10 €** para o desenvolvemento do ***Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo*** dende xaneiro de 2026 ata 30 de setembro de 2027, sendo a achega municipal de 166.230,90 **€** que representa o 30% do custe total do programa.

2º.- **Autorizar** á Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude, Mª del Carmen Lago Barreiro, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade"

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do alugueiro, instalación e mantemento dun sistema de megafonía para o Nadal. Expte. 11690/106.

.- Expediente de contratación do subministro de centros florais para vodas civís, acollementos civís e outros eventos institucionais. Expte. 21133/101.

.- Proxecto de convenio de colaboración coa Diocese de Tui-Vigo para a cesión compartida temporal e gratuíta do espazo da " Casa Rectoral da parroquia de Sª María de Vigo". Expte. 10339/336.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

.- Proxecto de convenio de colaboración coa Diocese de Tui-Vigo para a cesión compartida temporal do uso de espazo da “Casa reitoral da Parroquia de San Paio de Navia”. Expte. 10340/336.

.- Modificación do contrato dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en inglés 2024-2025”. Expte. 99975/332.

.- Prórroga do contrato de “Seguro de responsabilidade civil de altos cargos e persoal ao servizo da administración pública local”, da Central de Contratación da FEMP. Expte. 49047/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**26(505).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGUEIRO, INSTALACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE MEGAFONÍA PARA O NADAL. EXPTE. 11690/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 10/06/2026 e o informe de fiscalización do 11/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Mediante resolución do día 20.02.2026 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto a contratación mixta de subministro e servizo para o alugueiro, instalación e mantemento dun sistema de megafonía no ámbito do Nadal.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 121 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 19.02.2026.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 20.02.2026.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 06.05.2026.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 06.05.2026.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola dirección superior contable e orzamentación o día 04.03.2026 (operación nº 12026000021939-RC- e 12026000021960-RCFUT).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 12.05.2026.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 06.05.2026.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 12.05.2026.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para contratar por procedemento aberto a contratación mixta de subministro e servizo para o alugueiro, instalación e mantemento dun sistema de megafonía no ámbito do Nadal, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 09.06.2026.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior correccións de data 28.06.2024 e 25.09.2025, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025 nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Festas Especias mediante resolución de data 20.02.2026, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporarase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de **contratar por procedemento aberto a contratación mixta de subministro e servizo para o alugueiro, instalación e mantemento dun**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 123 de 158 |
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**sistema de megafonía no ámbito do Nadal** cun orzamento base de licitación mais IVE de **CENTO SESENTA E TRES MIL CEN EUROS E VINTE E SEIS CÉNTIMOS (161.100,26 €)**, segundo a seguinte distribución de anualidades:

| Anualidade | Importe |
|---|---|
| 2026 | 61.162,60 € |
| 2027 | 81.550,13 € |
| 2028 | 20.387,53 € |
| TOTAL | **163.100,26 €** |

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 06.05.2026, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 09.06.2026.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto por importe de 61.162,60 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", créditos por importe de 81.550,13 € e 20.387,53 €, respectivamente.

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(506).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CENTROS FLORAIS PARA VODAS CIVÍS, ACOLLEMENTOS CIVÍS E OUTROS EVENTOS INSTITUCIONAIS. EXPTE. 21133/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 26/05/2026 e o informe de fiscalización do 11/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 04/06/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recollen as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras, as seguintes:

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

**Primeiro.- Obxecto do contrato:**

O obxecto do contrato é o subministro de centros florais decorativos para vodas civís, acollementos civís e outros eventos institucionais.

O contrato inclúe, ademais das flores, o deseño dos centros florais, a elaboración e arranxo dos centros, o transporte e a entrega destes no lugar de celebración do evento.

Trátase dun contrato de subministro en función das necesidades da Administración, previsto na D.A. 33ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, polo que ten carácter estimativo, ao ser estimado en función dos datos derivados do consumo de exercicios anteriores.

As cantidades que se indican teñen carácter estimativo, sen que o Concello estea obrigado a acadar un volume mínimo de consumo. A previsión anual estimada de vodas, acollementos civís e eventos institucionais é a seguinte:

- 170 vodas civís
- 20 acollementos civís
- 10 eventos institucionais

**Segundo .- No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:**

- Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal e a fe pública da Secretaria de Goberno Local, en data 27 de abril de 2026.

- Memoria económica asinada pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, en data 30 de abril de 2026.

- Certificado de crédito no que se informa favorablemente sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada RC 12026000044484 e RC FUT 12026000044488.

- Declaración da redactora do prego técnico asinada en data 4 de maio de 2026.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, de data 4 de maio de 2026.

- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 4 de maio de 2026.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Informe do Servizo de contratación e Prego de prescricións administrativas particulares, asinados ambos os dous pola Xefa de Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos con data 7 de maio de 2026.

**Terceiro.- Normativa de aplicación.**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**Cuarto.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato e tratándose dun contrato de subministro, proponse a tramitación do presente expediente de contratación a través do procedemento aberto simplificado abreviado previsto no art. 159.6 da LCSP.

Trátase dun contrato de subministro en función das necesidades da Administración, cun orzamento máximo, conforme á disposición adicional 33ª da LCSP. Establécese un único criterio de adxudicación, que será o prezo, determinada polo porcentaxe de desconto único.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 03121200 (Flores cortadas) e 03121210-0 (Arranxos florais)

**Quinto.- Necesidades a satisfacer pola administración.**

Aos efectos de xustificar a necesidade e idoneidade do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, infórmase de que os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

O desenvolvemento de actos protocolarios, tales como vodas civís, acollementos civís e outros eventos institucionais, require a adecuada ambientación e decoración floral dos espazos municipais nos que teñen lugar:  no Pazo Museo Quiñones de León e na Pinacoteca Francisco Fernández del Riego ou outros espazos municipais.

O Concello non dispón de medios propios suficientes para a realización destas prestacións, polo que resulta necesario acudir á contratación externa.

**Sexto- Orzamento base de licitación**

O orzamento máximo de licitación é de **42.333,06 €** IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao 21% de IVE **de 7.347,06 €.**

O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando os prezos actuais do mercado de flores, os gastos xerais e o beneficio industrial e o IVE.
Para a fixación do orzamento de licitación tivéronse en conta os prezos do contrato vixente expediente: 18923-101 "CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1) coas correspondentes actualizacións dos prezos mais os custos indirectos (13% de gastos xerais, 6% de beneficio industrial e 21 % de ive).

Sendo o prezo unitario de cada centro floral: **de 70,55 €** (IVE incluído).

**Sétimo- Valor estimado do contrato**

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.
De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a **46.648,00 €.** No antedito importe inclúense as 3 anualidades máis 1 ano de prórroga sen IVE.

**Oitavo.- Prezo do contrato**

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o IVE

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

**Noveno.- Prazo de execución, anualidades e prórroga**

**a) Prazo de execución:** O prazo de duración do contrato será de tres (3) anos contados desde a data prevista de inicio: o 19 de xullo de 2026.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Primeira anualidade: do 19 de xullo de 2026 ao 18 de xullo de 2027.
- Segunda anualidade: do 19 de xullo de 2027 ao 18 de xullo de 2028.
- Terceira anualidade: do 19 de xullo de 2028 ao 18 de xullo de 2029.

O importe anual estimado do contrato ascende a 11.662,00 € (sen IVE), sendo o importe correspondente ao IVE do 21% de 2.449,02 €, resultando un total anual de 14.111,02 € (IVE incluído).

**b) Importes por anualidades:**

| ANUALIDADES | ANO | IMPORTE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|---|---|---|---|
| PRIMEIRA | 2026 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2027 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| SEGUNDA | 2027 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2028 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| TERCEIRA | 2028 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2029 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |

**c) Prórroga:**

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións por 1 ano. En consecuencia, a duración máxima será de 48 meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio. En todo caso, a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada exercicio.

**Décimo.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.**

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou a súa bolsa de vinculación da Alcaldía correspondente aos exercicios dos anos 2026, 2027, 2028 e 2029. O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no "Plan anual de contratación" para o ano 2026 da Alcaldía. Existe un contrato vixente correspondente ao LOTE 1 do expediente 18923-101 "CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO", cuxa última prórroga finaliza o día 18 de xullo de 2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

<u>**Décimo primeiro.- Réxime de pagamento**</u>

O pagamento do prezo do contrato efectuarase de xeito mensual, tras a presentación da correspondente factura co detalle de todos os centros florais subministrados con suxeición aos requisitos que estabelece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.
Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:
a) GE0000575 – Servizos Económicos
b) L01360577 – Concello de Vigo
c) GE0000668 – órganos de Goberno

A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado para o subministro de centros florais destinados a vodas civís, acollementos civís e outros eventos institucionais, que contén o prego de prescricións técnicas particulares asinado con data 4 de maio de 2026 pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en 7 de maio de 2026.

**Segundo .**- Autorizar un gasto total por importe de **42.333,06 €** IVE incluído. Sendo o importe correspondente ao 21% de IVE **de 7.347,06 €** que se tramitará con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou a súa bolsa de vinculación dos exercicios económicos 2026, 2027, 2028 e 2029.

S.ord. 12/06/2026.

| ANUALIDADES | ANO | IMPORTE | APLICACIÓN ORZAMENTARIA |
|---|---|---|---|
| PRIMEIRA | 2026 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2027 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| SEGUNDA | 2027 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2028 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| TERCEIRA | 2028 | 7.000,00 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |
| | 2029 | 7.111,02 € | 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) ou bolsa de vinculación |

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación de conformidade coa normativa vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(507).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA " CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE Sª MARÍA DE VIGO". EXPTE. 10339/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 05/06/2026 e o informe de fiscalización do 10/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/06/2026, asinado pola xefa de Xuventude e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES XURÍDICOS.-**

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias póidase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

**FINALIDADE.-**
- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a **cesión de uso gratuíta, temporal e compartida,** por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Méndez Núñez.

- A **finalidade principal** da colaboración entre as partes é a de ubicar e ofrecer de xeito temporal, un servizo dirixido as familias da nosa cidade denominado **Espazo de dinamización infantil** e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.
O Concello, ante a carencia de espazos municipais e dado o incremento de accións dirixidas á conciliación familiar das familias viguesas, vese na obriga de procurar novos espazos na cidade que, de xeito temporal e urxente, permitan seguir ofrecendo estes servizos municipais de dinamización infantil cada vez máis necesarios.

- Para o adecuado desenrolo do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:
  - Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades.
  - Espazo recepción dos e das menores.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Servizos sanitarios, servizos de electricidade, agua e telefonía.

- A duración do presente convenio estipúlase por un **prazo de 12 meses** dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre". O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:"** Aprobar o texto do convenio colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO PARA A UBICACIÓN TEMPORAL DO ESPAZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DE XUVENTUDE (Convenio que consta anexado ao presente expte como *Proxecto Convenio).*

**SEGUNDO:** Aprobar o traslado temporal do servizo de dinamización infantil, co fin de darlle continuidade a un servizo que é referencia municipal no eido da conciliación familiar.

**TERCEIRO:** Facultar á **Dna. Ana María Mejías Sacaluga,** A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025),* para asinar o citado convenio".

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE Sª MARÍA DE VIGO.

**Expte 10.339-336**

**En Vigo , a __ __ de _______________ de 2026**

**REUNIDOS**

DUNHA PARTE, **A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (en adiante CONCELLERÍA) con (CIF P3605700H) e, no seu nome e representación Dna. Ana María**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2108/1102

**Mejías Sacaluga,** A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025)* **,**

E DOUTRA, **D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO**, con DNI: 7676898257B actuando na súa condición de Ecónomo Diocesano da Parroquia de Santa María de Vigo e representante da Diócese de Tui-Vigo,

**MANIFESTAN**

1.- Que a Diocese católica de Tui-Vigo é titular en pleno dominio e libre de cargas e gravames do edificio coñecido como Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Mendez Núñez Nº 3, Vigo.

2.- Que o Concello de Vigo, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, como entidade pública local de carácter territorial asumiu competencias relativas a servizos culturais e de ocupación do tempo libre, materia na que o municipio poden asumir competencias a tenor do disposto nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

3.- Que o Concello de Vigo ofrece servizos de carácter permanente dirixidos as familias da nosa cidade denominado **Espazos de dinamización infantil** e que van destinados a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental destes espazos é a conciliación familiar e son espazos lúdico-educativos que empregan o xogo e o xoguete para procurar o desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

4.- Que as accións de dinamización infantil e xuvenil desta Concellería son desenvolvidas nas infraestructuras municipais dispoñibles. Estas actividades se incrementan cada ano para responder á demanda da cidadanía e precisan para o seu desenrolo de novas infraestructuras.

5.- Que para o adecuado desenrolo do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:

- Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades para un cupo máximo de 50 participantes diario.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizos sanitarios con adaptación a discapacitados físicos.
- Servizos de electricidade, agua e telefonía.

Ao efecto as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente e,

**ACORDAN**

**PRIMEIRO: OBXECTO E FINALIDADE.**
- Constitúe o obxecto do presente convenio a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo da Casa Rectoral da parroquia de Stª María de Vigo entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo co fin de ubicar o desenrolo de actividades de dinamización infantil de carácter público.
- O Bispado da Diocese de Tui-Vigo cédelle ao Concello de Vigo o uso do inmoble situado entre as rúas caracol e San Vicente e con fachada á rúa Mendez Núñez Nº 3, Vigo, para destinalo aos fins manifestados no parágrafo anterior.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**SEGUNDO: USOS COMPARTIDOS**
- Os citados usos compartiranse coa Igrexa para a atención das necesidades parroquiais que se detallan de seguido:
a) O Concello disporá do pleno uso e desfrute da **planta baixa da Casa Rectoral** en todo o seu volume habitable, durante os días lectivos da semana (de luns a venres) en horario de tardes de 16hs a 20,30hs e polas mañás de 7,45hs a 15,15hs, soamente cando sexan vacacións escolares segundo o calendario escolar oficial e tamén, no mes de xullo como campamento urbano integrado no programa de verán xove da Concellería de Xuventude.
b) Durante as fins de semana e días festivos a Igrexa disporá da Casa Rectoral que precise para as actividades parroquiais que así o demanden ou lle sexan requeridas.

**TERCEIRO: DURACIÓN**
- A duración do presente convenio estipúlase por un prazo de **12 meses** dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.

**CUARTO: COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO E DA DIOCESE DE TUI-VIGO NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN.**
- Con arranxo á referida colaboración, o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude, comprométese a usar os espazos cedidos exclusivamente ao fin mencionado no presente convenio.
- A Diocese de Tui-Vigo comprométese a que o edificio reúne as condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade .
- O Concello de Vigo, unha vez posto en funcionamento o presente convenio, asumirá os gastos derivados da limpeza diaria durante a celebración das actividades estivais enmarcadas dentro do programa Verán Xove 2026 a través do expte. 10359-336 ( CONTRATO MENOR DE SERVIZOS para limpeza e adecentamento dos espazos dos Campamentos de Alcabre, San Paio de Navia e Casco Vello dentro do Programa Verán Xove 2026) que cubrirá estes servizos a desenvolver neste espazo.
- En todo caso o destino do inmoble acomodarase unicamente para aqueles usos e servizos públicos permitidos pola normativa de aplicación.

- Así mesmo, durante as actividades que se celebren o Concello asume o seguro de accidentes que está contemplado no expte. 10.317-336/ " 3ª PRÓRROGA PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR **"(**Expte relacionado : 9643-336.) para as actividades estivais integradas dentro do citado programa.

**QUINTO: CONDICIÓNS DA CESIÓN DO ESPAZO E OS EQUIPAMENTOS.**
A cesión de uso dos espazos someterase ás seguintes condicións:

- O Concello de Vigo deberá adoptar as medidas pertinentes para garantir a conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización do espazo obxecto de cesión.

- O Concello de Vigo responderá dos danos que puidesen ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións utilizados en virtude do presente Convenio, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal.

**SEXTO: RESOLUCIÓN E DESISTENCIA.**
- Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento dalgunha das partes das súas obrigacións nun período de trinta días a partir da notificación escrita pola outra parte, neste caso pode resolver unilateralmente o presente Convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación vixente.

**SÉTIMO: NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN APLICABLE AO CONVENIO.**
- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:
  - Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
  - Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias póidase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

**OITAVO: EFICACIA.**
- O presente Convenio será eficaz dende a firma do mesmo polas partes.
E en proba de conformidade con canto antecede, as partes subscriben o presente acordo no lugar e data que constan ao comezo deste documento.

**29(508).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL DO USO DE ESPAZO DA "CASA REITORAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE NAVIA". EXPTE. 10340/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 135 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Visto o informe xurídico de data 05/06/2026 e o informe de fiscalización do 10/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/06/2026, asinado pola xefa de Xuventude e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES XURÍDICOS.-**

- Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre si o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias póidase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

**FINALIDADE.-**
- Constitúe o **obxecto do convenio** de colaboración a cesión de uso gratuíta, temporal e compartida, por parte da Diocese de Vigo-Tui á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo, do espazo coñecido como **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**

- O Concello de Vigo ofrece dende fai anos un programa conformado por unha serie de campamentos urbanos que se desenvolven en diferentes puntos da cidade e cuio obxectivo principal é a conciliación familiar, e que conforman o Programa Verán Xove.
- Os campamentos se realizan en diferentes ubicacións co fin de facilitar a participación dos e das menores de todo o municipio. Os/as participantes comprenden idades dende os 4 e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

ata os 17 anos de idade e na maioría dos campamentos se desenvolven actividades de ocio e tempo libre, lúdicas e de caracter deportivo.

- Esta Concellería contempla varias necesidades ao respecto do Programa Verán Xove 2026:

**a)** Ampliación e diversificación dos espazos donde se desenrolan as actividades que conforman este programa estacional. A demanda se incrementa cada ano, os espazos municipais son limitados e, a miudo, con dificultades para compatibiliar con outros departamentos e observamos ademais a necesidade de ampliar as zonas donde realizar os campamentos co fin de ofrecer opcións de conciliación familiar dentro de todo o municipio de Vigo.

**b)** As características destas actividades que se desenvolven nas épocas estivais xeneran a necesidade de localización de espazos que, alomenos, conten con espazos baixo cuberta e espazos ao aire libre.

- A Casa Parroquial de San Paio de Navia reúne todas estas características.

- A Concelleira-delegada de Turismo e Xuventude indica que por parte do servizo de Xuventude se inicie de novo a xestión da conveniencia dun convenio de colaboración entre a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo e a Diócese de Vigo-Tui para a colaboración temporal na cesión do espazo da **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo,** co fin de instalar nese espazo, de xeito temporal e gratuíto, as actividades de ocio e tempo libre de conciliación familiar da Concellería de Xuventude que precisen de espazos fora do centro urbano.

- Este espazo foi obxecto dun convenio entre a Diocese de Vigo-Tui e a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo asinado no ano 2025 con obxectivos similares (Expte 10.125-336). Esta colaboración foi altamente satisfactoria para o Concello e, en consecuencia e dado que se manteñen as necesidades comentadas, propónse a renovación deste convenio.

- Unha vez consultadas as posibilidades deste espazo co Bispado, este nos comunica a súa intención favorable de cesión temporal da planta baixa e exteriores de dito local para estes usos.

- Visitado o espazo por parte deste servizo, considérase que reúne os requisitos de localización i espazo mínimos para instalar temporalmente os servizos de dinamización infantil mencionados que favorezan a conciliación familiar.
- Co fin de formalizar esta colaboración elabórase un borrador do posible convenio que establece as bases de dita colaboración.
- Por parte do Bispado, remiten documento coa delegación da representación da Diocese de Tui/Vigo na persoa de D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO con DNI: 7676898257B.

**Relación de necesidades.**
a) Consideramos a **urxencia desta tramitación** pola intención de resolver na maior brevidade posible, a reubicación temporal dunhas actividades de ocio e tempo libre da Concellería de Xuventude. Non existindo ademais ningún outro programa que organice estas actividades, de carácter municipal na cidade.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 137 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

b) Relaciónanse os elementos necesarios para a óptima instalación do espazo para o desenrolo destas actividades:

- Espazo/s para mesas e cadeiras. Neste espazo desenrolaranse as actividades principais sendo o cupo máximo de participantes de 50 nenos/as/día.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizos sanitarios.

- A participación neste Convenio de colaboración enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción da cultura e de ocupación de tempo libre". O Concello de Vigo desexa dar o máximo rendemento social posible aos seus centros e instalacións culturais.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:"** Aprobar o texto do convenio- anexado como borrador no presente expte 10.340-336- de colaboración entre o Concello de Vigo co BISPADO DA DIÓCESE DE TUI VIGO, para o uso compartido, gratuíto e temporal da **Casa rectoral da Parroquia de San Paio de Navia, ubicado na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo,** para a realización nos espazos determinados en convenio, das actividades de conciliación familiar dentro do Programa Verán Xove 2026.

**SEGUNDO:** Facultar á **Dna. Ana María Mejías Sacaluga,** A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do*

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente. 30/09/2025) , para asinar o citado convenio"

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA A CESIÓN COMPARTIDA TEMPORAL E GRATUÍTA DO ESPAZO DA "CASA RECTORAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE NAVIA".
Expte 10.340-336

**En Vigo , a __ __ de _______________ de 2026**

**REUNIDOS**

DUNHA PARTE, **A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (en adiante**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**CONCELLERÍA) con (CIF P3605700H) e, no seu nome e representación Dna. Ana María Mejías Sacaluga,** A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025)* **,**

E DOUTRA, **D. JESUS MARTINEZ CARRACEDO, ECÓNOMO DIOCESANO**, con DNI: 7676898257B actuando na súa condición de Ecónomo Diocesano da Parroquia de Santa María de Vigo e representante da Diócese de Tui-Vigo,
E, a **Secretaria de Administración Municipal**, da fe do acto

**MANIFESTAN**

1.- Que a Diocese católica de Tui-Vigo é titular en pleno dominio e libre de cargas e gravames do edificio coñecido como **Casa Rectoral da parroquia de San Paio de Navia**, situado **na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**

2.- Que o Concello de Vigo, en desenvolvemento da lexislación de réxime local, como entidade pública local de carácter territorial asumiu competencias relativas a servizos culturais e de ocupación do tempo libre, materia na que o municipio poden asumir competencias a tenor do disposto nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 80.2.n da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

3.- Que o Concello de Vigo ofrece un servizo dirixido as familias da nosa cidade denominado Programa Verán Xove, conformado por unha serie de campamentos urbanos e que vai destinado a nenos e nenas dende os 4 e ata os 12 anos de idade. O obxectivo fundamental deste espazo é a conciliación familiar e son actividades de carácter lúdico e de ocio durante a tempada estival desenvolvidas en diversos lugares da cidade co fin de favorecer a participación dos e das menores vigueses dende diferentes puntos da parroquia.
Ademais, dende a Concellería de Xuventude se pretenden desenvolver no término de Navia programas de dinamización infantil fora da época estival o que motiva que se formalice un convenio de mutuo acordo cunha duración mais alá da época estival.

4.- Que o Programa Verán Xove 2026 precisa para o seu desenvolvemento adecuado ás circustancias un espazo alternativo para as actividades de verán derivado do feito de que algunhas das instalacións municipais utilizadas tradicionalmente están en obras ou con deficiencias inadecuadas para estas actividades.

5.- Que para o adecuado desenrolo do servizo son necesarios como mínimo os seguintes espazos:

- Espazo/s para mesas e cadeiras e almacenamento dos xoguetes, neste espazo desenrolaranse as actividades para un cupo máximo de 50 participantes diario.
- Espazo recepción dos e das menores.
- Servizo sanitario.
- Servizos de electricidade, agua.

Ao efecto as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente e

**ACORDAN**

**PRIMEIRO: OBXECTO E FINALIDADE.**
- Constitúe o obxecto do presente convenio a cesión temporal e gratuíta compartida do espazo

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

da Casa Rectoral da parroquia de San Paio de Navia, conformado pola planta baixa e xardíns exteriores, entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo co fin de ubicar de xeito temporal o servizo do espazo de dinamización infantil do Programa Verán Xove 2025 da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.
- O Bispado da Diocese de Tui-Vigo cédelle ao Concello de Vigo o uso do inmoble situado **na rúa Camiño dos Casteliños nº 197, 36212 Vigo**, para destinalo aos fins manifestados no parágrafo anterior.
- Este convenio non conleva ningunha contraprestación económica por parte do Concello de Vigo.

**SEGUNDO: USOS COMPARTIDOS**
- Os citados usos compartiranse coa Igrexa para a atención das necesidades parroquiais que se detallan de seguido:
a) O Concello disporá do pleno uso e desfrute da **planta baixa da Casa Rectoral** en todo o seu volume habitable ademais dos xardíns exteriores pertencentes á Diócese, durante os días lectivos dos meses que comprenda a duración establecida do presente convenio e segundo as necesidades de servizo da Concellería de Xuventude, sempre que sexan actividades promovidas e xestionadas dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.
b) Durante as fins de semana e días festivos a Igrexa disporá por entera da Casa Rectoral que precise para as actividades parroquiais que así o demanden ou lle sexan requeridas.

**TERCEIRO: DURACIÓN**
- A duración do presente convenio estipúlase por un **prazo de 12 meses** dende a sinatura do mesmo e **podería ser prorrogado de común acordo** nas condicións e termos que conveñan a ámbalas dúas partes.

**CUARTO: COMPROMISOS DO CONCELLO DE VIGO E DA DIOCESE DE TUI-VIGO NO DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN.**
- Con arranxo á referida colaboración, o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude, comprométese a usar os espazos cedidos exclusivamente ao fin mencionado no presente convenio.

- A Diocese de Tui-Vigo comprométese a que o edificio reúne as condicións de salubridade e seguridade adecuadas para o desenvolvemento da actividade ( A Concellería de Xuventude ten comprobadas as correctas condicións de salubridade e seguridade previo a sinatura deste convenio)

- O Concello de Vigo, unha vez posto en funcionamento o presente convenio, asumirá a xestión do adecentamento dos xardíns exteriores da Casa parroquial de San Paio de Navia durante a vixencia do presente convenio.

- Así mesmo, O Concello de Vigo, asumirá os gastos derivados da limpeza diaria durante a celebración das actividades estivais enmarcadas dentro do programa Verán Xove 2026 a través do expte. 10359-336 ( CONTRATO MENOR DE SERVIZOS para limpeza e adecentamento dos espazos dos Campamentos de Alcabre, San Paio de Navia e Casco Vello dentro do Programa Verán Xove 2026) que cubrirá estes servizos a desenvolver neste espazo.

- Así mesmo, durante as actividades que se celebren o Concello asume o seguro de accidentes que está contemplado no expte. 10.317-336/ " 3ª PRÓRROGA PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR **"(**Expte relacionado : 9643-336.) para as actividades estivais integradas dentro do citado programa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Este compromiso ou os que poidan considerarse, poderán ser actualizados e ampliados, previo acordo de ambas partes, nas posibles prórrogas que se poidan realizar a posteriori.

- Así mesmo e de cara ao seu uso en futuras prórrogas poderán valorarse, de ser necesarias segundo informes técnicos de Urbanismo municipal, actuacións de adaptacións e pequenas obras co fin de garantir u uso e desfrute adecuado das instalacións para todos/as os/as usuarios/as.

- En todo caso o destino do inmoble acomodarase unicamente para aqueles usos e servizos públicos permitidos pola normativa de aplicación.

**QUINTO: CONDICIÓNS DA CESIÓN DO ESPAZO E OS EQUIPAMENTOS.**
A cesión de uso dos espazos someterase ás seguintes condicións:

- O Concello de Vigo deberá adoptar as medidas pertinentes para garantir a conservación, mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización do espazo obxecto de cesión. (Cláusula cuarta)

- O Concello de Vigo responderá dos danos que puidesen ocasionarse por un uso inadecuado das instalacións utilizados en virtude do presente Convenio, así como da responsabilidade civil derivada do uso dos mesmos e da actividade levada a cabo polo seu propio persoal.

**SEXTO: RESOLUCIÓN E DESISTENCIA.**

- Son causas de resolución do presente Convenio, en función do establecido no art. 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- O mutuo acordo das partes asinantes, manifestado por escrito.
- O incumprimento dalgunha das partes das súas obrigacións nun período de trinta días a partir da notificación escrita pola outra parte, neste caso pode resolver unilateralmente o presente Convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na lexislación vixente.

**SÉTIMO: NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN APLICABLE AO CONVENIO.**

- O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, atópase excluído do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de aplicar os principios desta Lei para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.
- O réxime xurídico aplicable ao mesmo é o establecido nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ademais, é de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Aplicaranse igualmente os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, ao amparo do disposto en os artigos 4 e 6.2 de devandita Lei.

- Corresponderá a a Xurisdición Contencioso-Administrativa o coñecemento e resolución de cantas controversias póidase suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación, resolución ou cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas a a Comisión de Seguimento.

**OITAVO: EFICACIA.**
- O presente Convenio será eficaz dende a firma do mesmo polas partes.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes subscriben o presente acordo no lugar e data que constan ao comezo deste documento.

## 30(509).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO "VIGO EN INGLÉS 2024-2025". EXPTE. 99975/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/06/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "VIGO EN INGLÉS 2024-2025" (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "VIGO EN INGLÉS 2024-2025" (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (expediente nº 62.810-332), autorizar o gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 20 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 5.999.550,00 euros, IVE exento.*
b) *A achega de 8 monitores/as de reforzo a maiores dos número mínimo esixido como medios persoais (47).*
c) *A achega das seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
   - *Incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver a maiores das previstas no punto 4.3.2 do PPT (10 horas).*
   - *Redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver respecto da ratio máxima requirida no punto 4.3.2 do PPT (15 alumnos).*
d) *A achega de 40 monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 o C2.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

*1.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 11 de xuño de 2024 e a execución iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**Cuarto.-** A XGL aprobou dúas modificacións deste contrato:

1) O 2 de agosto de 2024, aprobou unha primeira modificación (expediente nº 7.016-241), que supuxo un incremento do importe total do contrato de 323.500,00 euros (IVE incluído) para a anualidade de 2024, representando un 5,392 % do prezo do contrato. Formalizouse o 9 de agosto de 2024.
2) O 13 de xuño de 2025 aprobou a segunda modificación (expediente nº 98977-332), que supón un incremento do orzamento máximo en 300.855,00 euros, representando un 5,014%, que xunto coa porcentaxe da primeira modificación (5,392 %) fai un total de 10,406%.

**Quinto.-** O 26 de decembro de 2025 a XGL aprobou a primeira prórroga do contrato (expediente nº 62810-332), polo período comprendido entre o 12/06/2026 e o 11/06/2027.

**Sexto.-** En data 15 de xuño de 2026, o técnico medio de actividades culturais e deportivas e a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato.

**Sétimo.-** NEW LINK EDUCATION, S.L., presenta no Rexistro Xeral deste Concello, o 15 de xuño de 2026, unha proposta revisada para a modificación do contrato a que axunta a documentación relativa aos monitores.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### -I-
### Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

### -II-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**Da potestade de modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

a) Prestacións adicionais.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Cando deviñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerarase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.

2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

## -III-
## Da modificación do contrato de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos que ten por obxecto a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” que o Concello de Vigo oferta anualmente a través do Servizo de Educación, para a mellora da competencia lingüística en inglés de estudantes de 3º e 4º da ESO e BACH matriculados en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

A modificación é proposta polo técnico medio de actividades culturais e deportivas e a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, en informe de data 15 de maio de 2026. Do referido informe despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrencia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi:**

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato.

**1.- A concorrencia dunha razón de interese público**

A modificación, tal e como se deduce do informe do servizo xestor, obedece a unha razón de interese público, incrementar o número de alumnos beneficiarios do programa "Vigo en Inglés" para acadar que desfruten do mesmo o maior número de solicitantes da convocatoria 2026. Este programa está destinado promover a aprendizaxe e o perfeccionamento no uso da lingua inglesa do alumnado de secundaria matriculado en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, que se encadra nas competencias municipais relativas á promoción da cultura e promoción turística recollidas no artigos 25.2.m e h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

**2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos**

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato e a regula no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP nos seguintes termos:

***A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:*** *si*

***B) ASPECTOS A MODIFICAR:***
- *Incremento do prezo do contrato se fose necesario incrementar o número total de alumnos/as beneficiarios/as en función da demanda*

***C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:***
- *Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual.*

***D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:*** *20% do prezo do contrato*

***E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:***
*A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades".*

**2.1.- Circunstancias que motivan a modificación**

A modificación vén motivada pola necesidade de atender á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal "Vigo en Inglés 2026". Segundo o informado polo

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

servizo xestor na convocatoria recibíronse 1154 solicitudes, superando o número de prazas ofertadas (927 prazas).
Estamos, pois, ante un suposto de modificación prevista, comprendida no suposto contemplado no apartado 15C do Anexo I -FEC- ("*Que a demanda de prazas para o programa supere o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual*").
Hai que ter en conta, ademais, que o contrato que nos ocupa é un contrato de servizos en función das necesidades da administración do previstos na disposición adicional 33ª da LCSP (apartado 3L das FEC). Este precepto prevé que "*no caso de que, dentro da vixencia do contrato as necesidades reais fosen superiores ás inicialmente estimadas, deberá tramitarse a correspondente modificación. Para tales efectos, a documentación que rexe a licitación deberá prever a posibilidade de que o contrato poida ser modificado como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose para tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades*".

**2.2.- Aspectos a modificar**
O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o prezo do contrato (apartado 15.B da FEC).

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos en función das necesidades da administración -disposición adicional 33ª da LCSP- (apartado 3L das FEC), polo que o que se modifica é o orzamento máximo previsto, con afectación dos apartado**s** 3A e 3E (anualidades). O método de cálculo do valor estimado (apartado 3D) xa contemplaba "unha posible modificación do contrato do 20%".

Hai que ter en conta que o prego recolle como especialidades do procedemento de modificación que "*A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades"* (apartado 15.E da FEC). Tal e como informa o servizo xestor:

> *"O contrato en vigor do programa municipal "Vigo en Inglés 2024-2025" (expte. 62810-332), posibilita concretar unha oferta inicial na convocatoria 2026 de 927 prazas, e polo tanto, trasládase a "Newlink Education, S.L", a posibilidade de tramitar un incremento económico dun 4,745% do contrato vixente en 284.680.-€ para aumentar en 88 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 1.015 prazas dispoñibles na convocatoria do 2026".*

Esta modificación implica o incremento do prezo do contrato en 284.680,00 euros, sendo o prezo total actualizado do contrato para 2026 de 3.284.455,00 euros.

Este incremento aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 "Programa Educativo Aulas Internacionais", imputándose á anualidade 2026.

**2.3.- Límites da modificación**
O apartado 15.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato. A modificación prevista implica un incremento do prezo de 284.680,00 euros, que representa o 4,745% do mesmo, polo que está dentro deste limite. Se engadimos a porcentaxe desta modificación ao das anteriores modificacións,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

10,406%, (5,392 % a 1ª e 5,014% a 2ª) fai un total de  n15,151 %, polo que non se acada o límite do 20% do prezo do contrato.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

## -IV-
## Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no  artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

1) Previa audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes documentos prepraráronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos artigo 207.2 LCSP).
2) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP). Neste caso o contratista xa manifestou a súa conformidade á modificación obxecto deste expediente ao presentar no Rexistro Xeral o 15 de maio de 2026, á instancia do servizo xestor, unha proposta técnica revisada . Tal e como informa o servizo xestor:

   *"O contrato en vigor do programa municipal "Vigo en Inglés 2024-2025" (expte. 62810-332), posibilita concretar unha oferta inicial na convocatoria 2026 de 927 prazas, e polo tanto, trasládase a "Newlink Education, S.L", a posibilidade de tramitar un incremento económico dun 4,745% do contrato vixente en 284.680.-€ para aumentar en 88 o número de prazas que se ofertan, o que implicará chegar a un total máximo de 1.015 prazas dispoñibles na convocatoria do 2026.*

   *Con este propósito, e á instancia do requirido por parte de este Servizo Municipal de Educación, a empresa adxudicataria  "Newlink Education, S.L",* ***achega ao presente expediente a través do rexistro electrónico municipal en data 15/05/2026  co nº de doc 260122784*** *proposta técnica revisada para a modificación do contrato, que se corresponde  principalmente co incremento económico solicitado polo Concello, e no que manifesta a súa conformidade para atender de forma satisfactoria na edición "Vigo en Inglés 2026" este incremento de 88 beneficiarios/as nas mesmas condicións contractuais respecto do programa orixinal para os 927 alumnos/as beneficiarios/as da edición 2026.*

   *O incremento  de 88 prazas máis para a participación de alumnado beneficiario na edición de VIGO EN INGLÉS 2026, segundo a aplicación do  custe unitario de 3.235.-€ por alumno ás novas 88 prazas, refírese exclusivamente ao aumento de 927 a 1.015 alumnos beneficiarios/as e se inclúe na* ***páxina 106 da citada proposta técnica revisada".***

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

3) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

   Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros (5.999.550,00 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP.

4) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .

5) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).

6) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).

7) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.

8) Publicación.

   Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

   Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

9) Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

   Ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicarase esta modificación ao Consello de Contas.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

**-V-**

**Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “*5% do orzamento base de licitación excluído o IVE*”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 14.234 euros.

**-VI-**

**Recursos**

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

**-VIII-**

**Proposta de acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*"1º.- Modificar o contrato de servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en inglés 2024-2025" (expediente nº 62.810-332), adxudicado a NEW LINK EDUCATION, S.L., por acordo deste órgano do 20 de maio de 2024, segundo o solicitado polo técnico do Servizo de Educación (responsable do contrato) e a xefa do Servizo, mediante informe do 15 de maio 2026, conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.*

*Este modificación consiste no incremento do número de prazas para a convocatoria do ano 2026 e supón un incremento do prezo do contrato de 284.680,00 euros (exento de IVE), sendo o prezo total actualizado do contrato para 2026 de 3.284.455,00 euros.*

*Representa un 4,745% do prezo do contrato. Se engadimos a porcentaxe desta modificación ao das anteriores modificacións, 10,406%, (5,392 % a 1ª e 5,014% a 2ª) fai un total de 15,151 %.*

*Aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.99.17 "Programa Educativo Aulas Internacionais", imputándose integramente á anualidade 2026.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva incrementándoa en 14.234 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

*Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).*

*5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

*6º.- Comunicar ao Consello de Contas."*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(510).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE "SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL", DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 49047/220.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 10/06/2026 e o informe de fiscalización do 11/06/2026 e informe-proposta do 09/06/2026, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polas que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea en materia de contratación pública en determinados sectores; seguro privado; plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e do litixio tributario

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Concello de Vigo adheriuse á Central de Contratación da FEMP por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo, XGL) de 17 de febreiro de 2022, central que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

**Segundo.-** A FEMP, a través da citada Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados e entes dependentes o Acordo Marco de seguros, dividido en lotes por tipoloxía de entidade local e ramo de seguros, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e os Pregos de Prescricións Técnicas (PPT);



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 153 de 158 |
|---|---|---|
| 2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

procedemento no cal a FEMP observou todos os requisitos e procedementos exixibles á contratación das Administracións Públicas, seguindo por tanto a LCSP.

Dito Acordo Marco adxudicouse en todos os seus Lotes con data do 29 de outubro do 2024, formalizándose o 28 de novembro de 2024.

O Acordo Marco ten unha vixencia en todos os seus lotes de dous (2) anos e podrá ser obxecto de prórrogas anuais de doce (12) meses cada unha, sucesivas, por mutuo acordo, antes da finalización do mesmo. Non obstante, a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes hasta un máximo de seis (6) meses.

**Terceiro.-** Finalizado o procedemento de licitación, resultaron como adxudicatarias as seguintes empresas:

| **LOTES** | **Adjudicatarios** |
|---|---|
| LOTE 1. Seguro de daños materiales para Entidades Locales y entes dependientes con rango inferior o igual a 10.000 habitantes. | OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| | MGS SEGUROS Y REASEGUROS SA |
| | CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA |
| | |
| LOTE 2. Seguro de daños materiales para Entidades Locales y entes dependientes con rango superior a 10.000 habitantes. | OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| | ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA |
| | CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SA |
| | |
| LOTE 3. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango inferior o igual 20.000 habitantes. | ALLIANZ COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA |
| | |
| LOTE 4. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango comprendido entre los 20.001 y los 50.000 habitantes. | ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

| | |
|---|---|
| LOTE 5. Seguro de responsabilidad civil patrimonial para Entidades Locales y entes dependientes con rango superior a los 50.000 habitantes. | ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | |
| LOTE 6. Seguro de responsabilidad civil de altos cargos y personal al servicio de la administración pública local. | ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA |
| | |
| LOTE 7. Seguro de responsabilidad de los órganos de administración y dirección, así como del personal de las empresas públicas. | ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA |
| | |
| LOTE 8. Seguro de responsabilidad civil profesional de los técnicos de la Administración. | W. R. BERKLEY EUROPE AG SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | |
| LOTE 9. Seguro colectivo de vida para las entidades locales y entes dependientes. | ZURICH VIDA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA |
| | ORIZON UNDERWRITERS SL |
| | SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA |
| | |
| LOTE 10. Seguro colectivo de accidentes para las entidades locales, organismos autónomos y entes dependientes. | SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA |
| | MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | AIG EUROPE SA SUCURSAL EN ESPAÑA |

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/06/2026 14:23 | Páxina 155 de 158
2108-1102 Aprobado por XGL 19/06/2026 | CSV: ADBDBA-4D5H5D-5CEAC3-M18PKL-S6BX6G-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| LOTE 11. Seguro para flotas de vehículos para las entidades locales, organismos autónomos y entes dependientes. | ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA |
| | OCCIDENT GCO SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| | FIATC-MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS |
| | |
| LOTE 12. Seguro para flotas de empresas | FIATC-MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS |

**Cuarto.-** Con base no citado Acordo Marco, o Concello de Vigo pode suscribir o correspondente contrato basado con unha das empresas adxudicatarias do mesmo, segundo o Lote 6 cuxo obxecto comprenderá a contratación dos seguros referidos en no Acordo Marco, nas condicións que se fixan no PCA e no PPT.

**Quinto.-** En data 11.04.2025 foi enviado o Documento de Invitación ás adxudicatarias do lote 6 de dito Acordo Marco (ZURICH INSURANCE EUROPE AG, SUCURSAL EN ESPAÑA, AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA y LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SUC. EN ESPAÑA)

Con fecha del 17.06.2025 comunicouse a adxudicación do contrato a AIG EUROPE S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA a través da plataforma informática da Central de Contratación.

**Sexto.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 (expediente nº 46.236-220 unido ao presente) foi acordada a adhesión á póliza de seguro obxecto de prórroga, con cargo á aplicación orzamentaria e importe seguintes:**

**9201/2260400-DEFENSA XURÍDICA EMPREGADOS E CORPORACION: 14.579,16 euros.**

A duración do contrato, segundo o disposto na resolución de adxudicación, é de un (1) ano, podéndose prorrogar por un (1) ano adicional (máximo dous (2) años de duración). Segundo consta en comunicación electrónica do mediador de seguros (WILLIS TOWERS WATSON, 11/05/2026) non consta a oposición á prórroga de AIG seguros.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Da prórroga dos contratos baseados**

O PCA do Acordo Marco prevé na súa cláusula 21.4 regula a duración dos contratos baseados que os Contratos baseados poderán adxudicarse durante a vixencia do presente Acordo Marco, incluídas as súas prórrogas, e terán unha duración de doce meses, podendo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado

ser obxecto de dous prórrogas de doce meses cada unha. Polo tanto, a duración máxima dos Contratos baseados será de trinta e seis meses ou tres anos, incluíndo posibles prórrogas.

No entanto, o anterior, os Contratos baseados que se adxudiquen no terceiro e cuarto ano de vixencia do Acordo Marco (no caso de que resultará prorrogado) terán unha duración de doce meses podendo ser obxecto dunha única prórroga de doce meses, polo que a súa duración máxima será de vinte e catro meses ou 2 anos. Os Contratos baseados non poderán incluír revisión de prezos. A duración mínima de 12 meses do contrato baseado poderá reducirse até os 9 meses, a condición de que a Entidade contratante solicíteo vía aclaración de ofertas (artigo 221.3 LCSP), e conte coa conformidade da adxudicataria. As prórrogas tramitaranse conforme ao 29.2 da LCSP.

En consonancia co disposto na cláusula 6 do presente Prego, só poderán adxudicarse Contratos baseados nun Acordo Marco durante a vixencia do Acordo Marco. A data relevante para entender que se cumpriu este requisito será a de adxudicación do Contrato baseado. No caso de que a Entidade Local requira ao adxudicatario para que complete a súa oferta nos termos previstos no artigo 221.3 da LCSP, a data relevante será a do envío de devandito requirimento.

De conformidade co indicado na referida cláusula 21.4 do PCAP, os lotes deste contrato son susceptibles de prórroga por un ano adicional.

As condicións que deberán rexer esta prórroga serán as mesmas que as do Contrato baseado e manteranse inalterables durante toda a vixencia da prórroga, tal e como se establece no PCA.

**-II-**

**Competencia**

A prorroga dos contratos correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación da prorroga do contrato, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP). O expediente non está sometido a fiscalización previa tal e como consta no informe da Intevención Xeral de 19-06-2024 (trámite 49 da xestión de expediente) .

**-III-**
**Proposta de acordo**

Á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“**Primeiro.-** Prorrogar polo período de 1 ano dende o 17 de xuño do 2026 ata as 24 horas dol 16 de xuño do 2027-o seguinte contrato baseado, suscrito mediante adhesión ao Acordo Marco de Seguros da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)¨:*

S.ord. 12/06/2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34
Documento asinado

- *Lote 6: SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE ALTOS CARGOS E PERSOAL ELECTO,* ***con cargo á aplicación orzamentaria e importe seguinte: 9201/2260400 DEFENSA XURÍDICA EMPREGADOS E CORPORACION 14.579,16 euros.***

***Segundo.-*** *Comunicar esta resolución ás empresas adxudicatarias a través da plataforma informática da Central de Contratación, dispoñendo a súa publicación no perfil do contratante do Concello de Vigo, xunto coa súa notificación conforme ao establecido na LCSP"*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(511).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 26/06/2026 14:23:34

Documento asinado